

Do poñente ó nacente
Unha ollada desde Xapón
á lingua e á cultura galegas

Discurso lido o día 8 de xuño
de 2024 no acto da súa recepción,
polo excelentísimo señor don

Takekazu Asaka

e resposta do excelentísimo señor don

Francisco Fernández Rei



REAL ACADEMIA GALEGA



Do poñente ó nacente.
Unha ollada desde Xapón
á lingua e á cultura galegas

O solemne acto académico
en que foron lidos os dous
discursos recolleitos no
presente volume celebrouse
o 8 de xuño de 2024
no Auditorio Municipal da Xuventude
de Cambados

Edita

Real Academia Galega

ISBN: 978-84-17807-40-5

Depósito Legal: C 717-2024

© Takekazu Asaka, 2024

© Francisco Fernández Rei, 2024

© Real Academia Galega, 2024

Deseño da colección

Grupo Revisión Deseño

<https://doi.org/10.32766/rag.431>

Do poñente ó nacente.
Unha ollada desde Xapón
á lingua e á cultura galegas



REAL ACADEMIA GALEGA

A Coruña 2024

Discurso do excelentísimo señor don
Takekazu Asaka



Excelentísimo señor Presidente,
señoras e señores académicos,
autoridades, amigas e amigos.

O 29 de xuño do 2023, en pleno ano de celebracións de Francisco Fernández del Riego como persoeiro das Letras Galegas, o plenario desta Real Academia Galega proclamoume académico de honra. Para min, nipogalego, que levo máis de tres décadas estudando a milenaria lingua e literatura creadas neste *Finis Terrae* da Romanía e difundíndoas no País do Sol Nacente, e que desde hai anos considero que a lingua propia de Galicia é a miña segunda lingua, ser membro de honra desta institución é o máximo que podería agardar dunha Terra e dunha xente que tan ben me acolleron, e que me acollen cada vez que volvo.

Recibín cunha alegría inmensa o nomeamento para formar parte da Academia que en Cuba soñaron, entre outros, Curros Enríquez e Fontenla Leal; e para a que, no 1906, puxeron uns bos alicerces o Pai da Patria Galega Manuel Murguía e outros galeguistas.

As miñas primeiras palabras non poden ser senón de agradecemento ós señores académicos que tiveron a ben promover o meu nomeamento e a toda esta insigne corporación por recibirme no seu seo.

DESCUBRIMIENTO DA LINGUA GALEGA E PRIMEIRO CONTACTO CON GALICIA

Na década de 1970 no Xapón non había case ningún material sobre Galicia. Eu só coñecía unha escolma do 1960 de *En las orillas del Sar*, de Rosalía de Castro, en versión xaponesa do profesor Minoru Chonan, e un traballiño sobre a “Gheada galega”, do 1979, redactado polo profesor Makoto Hara da Universidade de Toquio Gaidai (Universidade de Linguas Estranxeiras de Toquio). Esta universidade conta cunha facultade de Filoloxía Románica da que forman parte os departamentos de español, italiano, francés e portugués, pero ningún de galego. No libro en xaponés de literatura española para estudantes universitarios mencionábanse as *Cantigas de Santa María*. Eu asistín ás clases de portugués do profesor Mineo Ikegami da Universidade de Toquio Gaidai, e nelas coñecín a existencia do galego. Por outra parte, a través das guías de viaxes sabíase do Camiño de Santiago e tamén se tiña información dos paradores de España, así como do slogan turístico *Spain is different* que acuñara a comezos da década de 1960 o daquela ministro de Información e Turismo Manuel Fraga.

Antes de vir a Galicia, cando no ano 1977 estudaba castelán, no Colexio Maior Universitario Santiago Apóstol de Madrid coñecín dous universitarios: Luís Carracedo, de Pontevedra, e Ramón Castro, de Ferrol, con apelidos ben galegos, segundo o traballo da profesora e académica Ana Boullón. Se cadra entre eles falaban galego ou falaban da terra natal, pero non me acordo ben. Só lembro que Luís fumaba sempre en cachimba.


Daquela apareceu o xornal semanal *A Nosa Terra* e compreino por curiosidade cando o vin nun quiosco na praza de Cibeles. Sorprendeume moito que non estivese escrito no mesmo idioma que outros xornais españois (*ABC, El País...*). Foi o primeiro contacto que tiven co galego escrito.

Unha vez que volví a miña terra, Xapón, púxenme en contacto con Xan Carballa d’*A Nosa Terra* e algunhas veces colaborei na sección de Cartas dos lectores. No recuncho dunha páxina deste semanario, atopei unha publicidade da editorial Galaxia, á que enviei unha carta para mercar libros galegos, entre eles, o *Diccionario* de Franco Grande e a *Gramática elemental del gallego común* de Carballo Calero. Naquela altura eu non sabía da existencia do manual de galego en tres volumes que publicara o Instituto da Lingua Galega a comezos da década de 1970.

Despois de lle facer o pedido a Galaxia, recibín unha carta agarimosa de Xaime Isla Couto; e dous meses máis tarde chegoume un paquete de libros, vía marítima, á miña casa de Toquio. Foi o meu primeiro contacto con esta editorial. Comunicámonos por escrito varias veces. Naquel tempo non sabía quen era Isla Couto. No ano 1989, durante a miña primeira estancia en Galicia, achegueime ó local de Galaxia na rúa Reconquista número 1 de Vigo. Por fin puideren coñecer o señor Isla Couto, e tamén a Carlos Casares e a Xosé Manuel Soutullo, agora novo director desa casa, con quen manteño amizade desde ese primeiro contacto. Nos anos que seguiron, cada vez que me acercaba á editorial, don Xaime convidábame a xantar peixe no restaurante Alfándega e falábame da cultura e da economía galegas. Con Carlos Casares, cando visitaba Galaxia, gozabamos da charla no café Maracaibo. Éme unha lembranza afastada.

Aquela primeira viaxe a Galicia tivo lugar en setembro do 1989, sendo profesor titular de castelán na Universidade de Tsudajuku de Toquio, para asistir ó *XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas*, que se celebrou na Universidade de Santiago de Compostela e que contou co académico Ramón Lorenzo como secretario e responsable do seu comité organizador. Este congreso foi para min unha boa ocasión de coñecer a fermosa lingua galega, pois asistín a case tódolos relatorios da sección VI, dedicada integramente ó galego. Interesáronme moito os temas de filoloxía galega por ser unha das linguas europeas minorizadas. Un día houbo un descanso nas sesións de traballo para facermos un precioso percorrido dende Santiago, vía Cambados e a illa da Toxa, ata Vigo, con excursión marítima polas augas do mar cantado por Martin Codax. O congreso foi unha experiencia moi satisfactoria, pois permitíume saudar diversos estudosos do galego e tamén figuras da romanística como Kurt Baldinger, Giuseppe Tavani, Ivo Castro ou Ramón Lorenzo.

No último día, atopei un artigo cun erro no periódico *El Correo Gallego* sobre os especialistas que acudimos ó evento. No artigo dicíase que “Ao Congreso asistiron os romanistas europeos e americanos”; pero, entre eles, tamén asistimos cinco romanistas xaponeses. Para intentar que se emendase, fun visitar a editora do periódico, na rúa Preguntoiro de Santiago, e preguntei polo autor do artigo, mais non o encontrei. Por casualidade coñecín na sala da redacción o xornalista Xosé Luís Blanco Campaña, que me fixo unha entrevista para a súa columna “A nosa xente”, dese xornal, e logo convidoume ó seu programa *Parladoiro* de Radio Nacional de



España, na rúa Xerusalén de Santiago. Falei do Xapón e do estudo da lingua galega no meu país; e posteriormente escribímonos varias veces.

O ano seguinte, o día de San Valentín do 1990, apareceu o meu nome na columna “A nosa xente” do xornal compostelán, onde Blanco Campaña animaba a que me escribisen cartas. Os últimos días de febreiro chegaronme moitas cartas de amizade á miña casa de Toquio dende Galicia: Santiago, A Coruña, Betanzos, Marín, Lourenzá, Mondoñedo, Ribadeo, Ribadavia, Celanova, Allariz, Vigo e A Pobra do Caramiñal.

O verán dese ano percorrín Galicia; fixen un mundo de quilómetros en Castromil, Freire ou Monbus para saudar os amigos galegos e coñecer as paisaxes naturais. Dous anos máis tarde, a empresa de autobús Castromil empezou a agasallar os viaxeiros cos *Contos do Castromil* para lermos durante a viaxe. Foi boa cousa para pasar o tempo. Nos seguintes veráns lin contos de Manuel María, Suso de Toro, Marina Mayoral, Úrsula Heinze, Xesús Ferro Ruibal, Darío Xohán Cabana, Alfredo Conde, Manuel Rivas, Xesús Rábade, Francisco Fernández del Riego, Basilio Losada, Claudio Rodríguez Fer, Antón Fraguas e Carlos Casares.

DO EXTREMO ORIENTE Ó *FINIS TERRAE*.

FELIZ ENCONTRO COA LINGUA E A CULTURA GALEGAS

1. Cursos de galego para estranxeiros

O ano 1990 visitei de novo Santiago de Compostela para participar na terceira edición dos Cursos de verán de lingua e cultura galegas para estranxeiros e españois de fóra de Galicia, organizados pola Real Academia Galega e o Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela, e dirixidos por Manuel González. Para asistir ós cursos eu presentara a solicitude do nivel elemental, pero os responsables puxéronme no nivel medio. Daquela xa publicara no 1984 na revista *Lingüística Hispánica*, de Osaca, o artigo escrito en castelán “Empleos del infinitivo personal en gallego moderno”, que posteriormente aparecería citado na *Gramática galega* (Álvarez, Regueira e Monteagudo 1986).

No verán do 1991 matriculeime no nivel superior dos cursos e asistín ós seminarios de gramática galega, de literatura galega moderna e de galego oral e galego

estándar que impartiron os profesores da Universidade de Santiago de Compostela Xosé Luís Regueira, Xesús Alonso Montero e Francisco Fernández Rei, respectivamente. Nos anos 1992 e 1993 volvíñ participar nos cursos, pero como oínte.


No seminario de Alonso Montero sobre literatura foi a primeira vez que oín falar de clásicos como Eduardo Pondal, Manuel Curros Enríquez, Ramón Cabanillas e Celso Emilio Ferreiro. Da obra de Rosalía coñecía a escolma xaponesa de *En las orillas del Sar* e tamén algún poema en galego. No seminario de Fernández Rei descubrín o mapa dialectal do galego e puíden escoitar a fala de Fefiñáns, onde nacera Ramón Cabanillas. Pola gravación e transcripción entendín a gheada galega perfectamente (*amigho, ghalegho, Vigho, cheghar* etc.) e souben das artes e do léxico do marisqueo na ría da Arousa. Resultoume moi curioso que nesa ría (e noutras partes do litoral galego) se nomease cos adxectivos *xaponesa* e *xapónica* unha ameixa que, segundo o dicionario desta Academia é “moi semellante á ameixa fina, da que se diferencia pola cuncha lixeiramente máis redondeada, máis escura e máis amarela no interior e con liñas radiais moi marcadas”. Na Casa López da Illa de Arousa un xaponés comeu a ameixa xaponesa.

Para achegarme ás paisaxes e ós monumentos, mesmo á gastronomía, fóronme de moito valor as excursións de fin de semana dos cursos. Lembro con agarimo a que fixemos á Costa da Morte e á Coruña, onde estivemos na Torre de Hércules e na sede da Real Academia Galega; e no interior de Galicia, a visita á cidade de Lugo e á súa muralla.

Nos meus primeiros encontros con Galicia e a súa cultura, da arte moderna encantáronme os cadros de Urbano Lugrís, o pintor surrealista do mar, que me recomendou a amiga Cecilia Pereira. Fun ver a pintura enorme del no café Roma da Coruña. Da gastronomía gustoume moito o caldo galego, que é moi parecido á nosa *misoshiru*, sopa de soia; e tamén foi unha descuberta a existencia do bo viño do Ribeiro, o godello e, sobre todo, o albariño. Visto dende a miña cultura xaponesa, xa desde o meu primeiro encontro con Galicia, apreciei a cultura desta Terra e, sobre todo, a súa xente, por parecerme reservada, silenciosa, traballadora e amable.

2. Anduriña estival

Despois dos cursos de galego, practicamente tódolos veráns visitei, e sigo visitando, Galicia para traballar sobre aspectos da lingua e da literatura e, á vez, para coñecer novos lugares e comarcas, a súa gastronomía, nova xente... No ano 1991 puíden



saudar a Isaac Díaz Pardo e o xornalista Perfecto Conde na galería Sargadelos de Santiago, onde nos presentaron as dependentas da tenda, Cristina e Sagrario. Esa galería era un lugar de encontro onde coñecín moitas persoas: Paparolo (Manolo o da ocarina), Xosé Vizoso, Diego Bernal, Luís Mariño, Miguel Anxo Fernán-Vello, Uxío Novoneyra, Natalia Granell, Maruxa a muller de Luis Seoane, Xosé Neira Vilas, Antón Lopo, Alberte Permuy ou Xosé Manuel Beiras.


Cando visitaba a galería Sargadelos, Díaz Pardo sempre me convidaba a xantar no IGI (Instituto Galego de Información) en San Marcos. Mentres comiamos, sempre “paella á galega”, charlabamos moito sobre a cultura galega. Co amigo Perfecto Conde coñecín A Pontenova, a súa terra natal, Ribadeo e outros concellos de Lugo, como Quiroga e Folgoso do Courel. E o amigo e académico Antón Santamarina tamén me levou á súa terra natal para que puidese apreciar o galego de San Martín de Suarna (A Fonsagrada), así como o dos Ancares e o da zona do Eo-Navia, o que me permitiu escoitar formas orientais como *cuzo* ‘can’, *cuza* ‘cadela’ e *fóira* ‘cagarría’ ou ‘diarrea’, e á vez coñecer a paisaxe da alta montaña lucense e a da Asturias galegófona.

Nas Rías Baixas tiveron a oportunidade de percorrer nos veráns a Vila do Albariño, Cambados, dende 1989 ata agora. No ano 1992 fun visitar o pazo de Fefiñáns, e despois entrei nun restaurante da viliña onde nacera Cabanillas —“oxe axugada á vila de Cambados”, en palabras do poeta—, para xantar e probar o albariño. A carta do restaurante non estaba escrita en galego, senón en castelán. Por que? Cambados é un lugar turístico, pensei, e se os turistas estranxeiros non entenden o galego, talvez por iso a dona puxo o menú só en castelán. Porén, considero que ós turistas non galegos debe facérselles visible que en Galicia hai unha lingua propia, que é cooficial.


Bastantes anos despois volví pisar o pazo de Fefiñáns, e tamén o seu bosque urbano, nunha visita exclusiva para min e para o amigo académico Francisco Fernández Rei. Tivemos dúas guías excepcionais, as irmás Marisa e Ángela Gil de la Peña, dúas das herdeiras do monumental pazo. No ano 2011 coñecín a dona Pitusa Vidal Cabanillas, neta e afillada do poeta, o día da presentación da miña primeira escolma de Ramón Cabanillas en xaponés, nun acto celebrado nos xardíns da Biblioteca Municipal de Cambados; e ese serán tamén coñecín a Luís Rei, o cronista dos desterros e das saudades do autor de *Vento mareiro*.

INVESTIGACIÓN E DIFUSIÓN DA LINGUA GALEGA NO XAPÓN

Froito do meu interese pola lingua, a comezos da década de 1990 publiquei varios libros para difundir o galego no Xapón. Do 1993 é *Gramática do galego moderno*, cun gravado de Carlos Maside na cuberta. Este libro é a primeira gramática para estudantes xaponeses e foi editado pola editorial Daigaku Shoryin de Toquio. Sendo profesor de lingua castelá, cando comecei a dar clases de galego para universitarios, explicáballe ó meu alumnado xaponés que era necesario aprender a lingua do pobo galego para entender a súa historia, cultura e xente. O alumnado do departamento de español aceptaba a miña explicación e mostrábase moi receptivo.



Gramática do galego moderno, 1993




Guía de conversación en galego, 1994

Do 1994 é *Guía de conversación en galego*, que incluía unha cinta gravada, e cunha obra de Xosé Vizoso de Sargadelos na cuberta; e do 1995, *Vocabulario básico da lingua galega* (con dúas mil entradas), cunha obra de Isaac Díaz Pardo na cuberta. Anos despois publiquei *As linguas en España e Portugal. Estudo de sociolingüística*

(2005) e *Nova gramática galega* (2016) para alumnado xaponés, con edición corrixida e aumentada do 2018.

Para as ilustracións das cubertas dos libros pensei en varios temas. Daquela a miña amiga Mari Dori, que fora das que me escribira unha carta o día de San Valentín do 1990, presentoume un seu amigo, o deseñador Alberte Permuy, de Barallobre; e entre os dous escollemos asuntos moi representativos de Galicia para chamar a atención dos lectores xaponeses. Seus son os deseños das cubertas de *Gramática*, *Guía de conversación* e *Vocabulario básico*.



Vocabulario básico da lingua galega, 1996

Dende o ano 1984 ata hoxe publico artigos nas revistas *Linguística Hispánica* do Círculo de Linguística Hispánica de Kansai e *Studia Romanica* da Societas Japonica Studiorum Romanicorum, e tamén no anuario da Universidade de Tsudajuku de Toquio. Teño escritos case 50 traballos sobre morfosintaxe, gramática e aspectos varios do galego actual. O último é “Consideracións sobre a expresión verbal *ir* + *infinitivo* en galego” (2023), editado no anuario da devandita universidade.

Para rematar o relativo á lingua, vou referirme a unha das particularidades sintácticas do galego, o dativo de solidariedade, e a unha forma semellante en xaponés. En galego coloquial é moi frecuente o uso dese dativo, que se emprega cando se quere facer participar o interlocutor, implicándoo afectivamente na acción ou na opinión expresada na frase. A súa orixe está no dativo ético latino, que deixa restos tamén noutras linguas románicas; pero o galego leva o seu uso ó extremo, tanto pola posibilidade de situación coma pola enorme frecuencia de emprego.

Exemplos:

“Sómosche tres rapazas de Santiago”. Carta persoal de Beatriz G. Turnes (1990).

“Anxa éche unha formiga das culturas orientais”. Carta persoal de Beatriz G. Turnes (1990).

“Estes Albariños sonche de Cambados”. Constantino García, *Reçantos da lingua* (1983, p. 198).

“Élle un corvo mui humano!”. Álvaro Cunqueiro, *Xente de aquí e acolá* (1983, p. 169).

En xaponés existía *omae-san* como dativo ou vocativo de solidariedade no século XIX nos barrios baixos Shitamachi de Toquio:

Exemplos:

嬉しいじゃないか、おまえさん。なにしろ、向うの山からこっちの山まで、おまえさん、いっぱい紅葉でねえ。鏑木清方『明治の東京』岩波文庫 (1989, p. 198).

“Estouché contento” ou “Alégrocheme moito” → Uresii janaika, *omae-san*.

“De calquera xeito, dende aquel monte ata este monte, haiche moito pradairo colorido” → Nanisiro, mukouno yamakara kotsuchi no yama made, *omae-san*, itsupai no Momiji denec. (Tradución miña de Kiyokata Kaburaki, *Toquio da época Meidji*, Iwanami Bunko, 1989, p. 198).

Penso que este pronome de solidariedade está tan metido na mente dos galegos como o estaba na daqueles xaponeses do século XIX. No xaponés de hoxe practicamente está desaparecido, foise o vocativo de solidariedade noso. O pronome *che* (e *lle* e os plurais respectivos) funciona gramaticalmente como dativo en galego e vocativo en xaponés; e emprégase só no contexto coloquial da fala de maneira opcional, que, por carácter, tende a establecer relacións subxectivas de benevolencia entre os interlocutores.



A LITERATURA GALEGA MEDIEVAL

I. Xograr Martin Codax

No ano 2009 o profesor e académico Xesús Alonso Montero pedíume a tradución das sete cantigas de Martin Codax ó xaponés; un ano despois, o Concello de Vigo publicou *As sete cantigas de Martín Codax en dez idiomas*. No ano 2015 editei o libro *Xograr Martín Codax, sete Cantigas de amigo* cun cedé musicado por Ensemble Yuri. No limiar deste libro, “Sete poemas de amor escritos en galego do século XIII traducidos ó xaponés do século XXI”, Alonso Montero escribía:

En Galicia, aínda hoxe este heptaedro poético conmove o corazón dos lectores esixentes. Non sei se no Xapón, nunha cultura tan distinta, o corazón dos lectores latexará coa mesma intensidade. En calquera caso, cónstame que a versión xaponesa do profesor Takekazu Asaka está feita co rigor dos vellos filólogos e coa destreza de quen coñece moi ben o galego de hoxe, que difire, en moi pouco, do galego de Martín Codax. (2015, p. 3)

A seguir quero lerlles a vostedes uns versos de Martin Codax en galego e en xaponés.

III

Mia irmana fremosa, treides comigo
a la igreja de Vigo u é o mar salido
e miraremos las ondas.

我が美しき妹子よ、私と共においでください
ビーゴの教会へ そこは荒れ狂った海
そして浪を眺めましょう。

Waga utskushiki imoutoyo, watashito tomoni oidekudasai
biigono kyokaihe sokoha arekurruta umi,
soshite namio nagamemashoo.

2. Convite para as *Cantigas de Santa María*

Nos días da pandemia do coronavirus do 2020 traballei sobre as *Cantigas de Santa María* no Xapón sen saír do despacho. Para a conmemoración dos 800 anos do nacemento do rei Afonso X o Sabio, fixen un libríño titulado *Introducción ás Cantigas de Santa María no Xapón*. No Nadal do 2021, o profesor e académico Ramón Lorenzo achegoume un limiar moi agarimoso dende Santiago de Compostela. E logo, a editorial Güinga Xobou (en galego quere dicir Vía Láctea) publicou a primeira edición no Xapón no día de Reis do 2022. Para a segunda edición deste libro, aumentado e corrixido, con limiar do profesor e tamén académico Henrique Monteagudo, contouse coa gravación de sete cantigas marianas interpretadas polo Ensemble Trou Bour de Toquio. A publicación veu a lume o último día de agosto do 2023.

A presentación deste libro *Convite para as Cantigas de Santa María* (a cuberta é de Xosé Vizoso) e o concerto homenaxe tivo lugar na igrexa luterana de Toquio e resultou un grande éxito, con asistencia de máis de cen persoas. A santa María di que hai sete gozos e sete pesares no mundo; para min isto foi un bo gozo.



Convite para as Cantigas de Santa María, 2023

Vouilles ler a continuación uns versos dunha cantiga mariana:

CSM 93 (To) [103 (E), 103 (T); Afonso X 2008]

Quena uirgen ben
seruira. a paraiso yra
E daquest' un gran miragre
uos quer' eu ora contar
que fezo santa maria
por un monge que rogar
ll'ia sépre que lle mostrasse
qual ben parais'a
Quena uirgē bē seuirā
a parayso yra

聖母マリアさまに懸命に
仕える者は、天国に行ける。
では、聖母マリアが行った大いなる奇蹟を
今、私は皆さまにお話します、
天国には如何なる善行があるか
聖母マリアにお示しになるように
常に祈願しようとしている
修道僧にとって、
聖母マリアさまに懸命に
仕える者は、天国に行ける。

Seibo Maria samani kenmeini
tsukaeru monowa, tengoku ni ikeru.
dewa, sebo Maria ga okonatta kisekiwo
ima, watsiwa ninasamani ohanasi simasu,
Tengoku niwa ikanaru zenkou ga aruka
sebo Maria ni osimesini naruyouni
tsuneni kigan siyouto iteiru
syuudousou ni totte,
Seibo Maria samani kenmeini tsukaeru monowa,
tengoku ni ikeru

3. Os xogres da ría de Vigo

En abril do 2024 saíu do prelo o libro *Os tres xogres da ría de Vigo*, con limiar da profesora Mercedes Brea da Universidade de Santiago de Compostela.

Despois dunhas notas introdutorias sobre a lírica medieval galega, os cancioneiros da lírica profana medieval e os conceptos *trobador*, *xograr* e *segrel*, céntrome na obra poética de Martín Codax, Mendinho e Johán de Cangas, dos que edito en galego e xaponés todos os seus poemas. Finalmente, trato a música das cantigas e como lermos os códices. O libro acompáñase dun cedé musical a cargo do Trío Amaluz (Yoko, Mikari e Ai).


A LITERATURA GALEGA MODERNA

Agora quería falarlles a vostedes das miñas traducións de tres clásicos da literatura moderna: Rosalía de Castro, Uxío Novoneyra e Ramón Cabanillas.

1. Rosalía de Castro

Traducín ó xaponés a obra de Rosalía de Castro *Cantares gallegos*, publicada con limiar de Xesús Alonso Montero. Foi no ano 2002, e no 2009 saíu a segunda edición, aumentada e revisada, que incluía un cedé musical con catro cancións: “Cando vos oyo tocar” (Campanas de Bastabales), “O meu corazón che mando” (Nacín cando as prantas nasen), “As de cantar, meniña gaiteira” e “Un home, San Antonio!” (San Antonio bendito), interpretadas por artistas nipoas: a pianista Rika Nishikawa e a soprano Miho Haga. Agradézolles a estas amigas que colaborasen comigo no proxecto. No epílogo do libro eu escribín: “con esta tradución tendín unha ponte literaria entre Galicia e Xapón. Coido que os meus paisanos poden entender a alma de Rosalía polo menos, é dicir, a lingua e a cultura galega a través da miña tradución”.

Traducir os poemas de Rosalía ó xaponés resultoume unha tarefa ardua, porque o galego e o xaponés son dúas linguas absolutamente distintas, e entre elas non hai relación de parentesco lingüístico. Por iso, comecei facendo unha tradución literal, pero intentei tamén transmitir por medio da miña lingua, da mellor maneira que puiden, o sentido de cada frase. Voulles compartir agora uns versos da miña tradución dos *Cantares gallegos* da edición de Anxo Angueira (2013):



Adios, ríos; adios, fontes;
adios, regatos pequenos;
adios, vista dos meus ollos:
non sei cando nos veremos.

さようなら、川よ、さようなら、泉よ、
さようなら、小川よ、
さようなら、私の目の前に映る景色よ、
いつ再び会えるか分からない。

Sayounara, kawayo, sayounara, izumiyo,
sayounara, ogawayo;
sayounara, watasino menomaeni utsurukesikiyo:
itsu futatabi aeruka wakaranai.

Deixo amigos por estraños,
deixo a veiga polo mar,
deixo, en fin, canto ben quero...
Que pudera non deixar...!

友と別れて異国に、
平原と別れて海に、
私は、終に、愛するものすべてに別れを告げる...
どうして別れずにいられようか...!

Tomo to wakarete ikokue,
heiguen to wakarete umini,
watasiwa tsuini aisurumomo subeteni wakarewo tsugueru...
dousite wakarezuni irareyouka...!

Na televisión xaponesa emitíuse varias veces un programa titulado *Camiño de Santiago*; e en novembro do 2023 a emisora pública NHK emitiu o programa *A terra de Galicia*, en que se leu o poema de *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro

“Adiós ríos, adiós fontes”, traducido por min. Que eu saiba, era a primeira vez que se oían versos da poeta de Padrón na televisión do Xapón.


A miña segunda tradución de Rosalía de Castro sería *Contos da miña terra*. Este texto editouse na revista *El Avisador* no 1864. Case 150 anos despois saía á luz esta obriña na miña versión xaponesa, seguramente a primeira nunha lingua estranxeira. No seu único conto en prosa, a cantora mostra a veta do seu humorismo feiticero. O traballo de tradución foi laborioso. Penso que necesita unha lectura contextualizada, é dicir, histórico-cultural, estrutural e sintagmática, para ter unha idea clara do relato. Daquela non entendía ben algunhas frases feitas ou proverbios, frases como “o maldito número de tres veces dez”, ou o significado do proverbio “Boy solto, ben se lambe”.

No ano 2018 levei *Follas novas* (escolma) á miña lingua xaponesa, *Wakaba syuu*. Para traducir esta obra tiven moitas dificultades, porque a lingua de Rosalía é do século XIX e ten dialectalismos e complicadas metáforas que tardei en comprender. Verter un texto noutra lingua non é doado, pero con moitas axudas rematei a versión xaponesa de *Contos da miña terra*, e outro tanto aconteceu con *Follas novas*, pois é unha lírica complexa na que cómpre afondar no sentido galego. Os contos debullan unha historia; porén, a composición lírica, sobre todo *Follas novas*, sendo moi breve, garda moitas profundidades de pensamento.

Ademais, este poemario contén composicións moi tristes. Eu non quería naquela época mergullarme en textos que me transmitían tanto pesar, quería cousas con alegría: pero acabei por decidirme a traducilas. Mentres traballaba nelas, faleceu a miña muller Mari Yuko Tezuka ó final de marzo, tiña sesenta anos. Sentín no meu corpo as moitas dores que matan, tal como escribiu Rosalía. Así, con tristeza e soidade realicei a tradución á miña lingua, o xaponés. Seis anos despois, sigo pensando que o fixen atravesado por un ánimo parecido ó de Rosalía.

Seguidamente quero lerlles uns versos de “Maio longo”, da edición de *Follas novas* de Anxo Angueira (2016):

Maio longo... Maio longo,
 todo cuberto de rosas,
 para algúns telas de morte,
 para outros telas de vodas.



Maio longo, maio longo,
fuches curto para min:
veu contigo a miña dicha,
volveu contigo a fuxir.

ながい五月…ながい五月、
一面薔薇の花に覆われて、
ある人には死のベール、
ほかの人には結婚式のベール。

ながい五月、ながい五月、
私には短かった、
私の幸せはおまえと一緒にやって来た、
そしておまえと一緒に去った。

Nagai gogatsu... nagai gogatsu,
ichimen barano hanani oowarete,
aru hitoniwa shino beeru,
hokano hitoniwa kekkonshiki no beeru.

Nagai gogatsu, nagai gogatsu,
watashiniwa midjka katsuta,
watashino shiawasewa omaeto isshoni yattekita,
soshite omaeto isshoni satta.

2. Uxío Novoneyra

Como xa dixen, coñecín o poeta courelao Uxío Novoneyra no ano 1992 na galería Sargadelos de Santiago de Compostela. Dende entón interesoume o seu poemario *Os Eidos*. Encantoume a súa maneira de poetizar a Terra do Courel. E logo funo visitar dúas veces co amigo Perfecto Conde á súa casa natal, en Parada do Courel. Despois de coñecer O Courel, entendín profundamente o que expresou n' *Os Eidos*.

Durante moitos anos pensei en traducir ó xaponés esta obra, ata que ó fin decidín facelo. Novamente, a versión deses versos en xaponés supuxo un gran desafío para min. Ante as dúbidas dalgunhas palabras, non me foi de axuda o dicionario da Real Academia Galega, pois o poeta courelao utiliza dialectalismos léxicos, ademais

de morfolóxicos. Enfronteime con tesón ó particular idiolecto do autor e coido que, polo menos, puiden transmitirllas ós meus compatriotas o ambiente da terra courelá, xunto coa suavidade cotiá recollida no libro.

A versión xaponesa d’*Os Eidos* apareceu no 2017, con limiar de Claudio Rodríguez Fer; e a través da miña lingua espallouse pola terra do Sol Nacente.

Marabilloume (e segue a marabillarme) este poema:

Chove pra que eu soñe...


私が眠るように雨が降る...

Watasiga nemuru youni ame ga furu...

Este poema cun único verso e puntos suspensivos finais para a reflexión, lembroume a versificación do haiku xaponés, un tipo de composición poética que consta de tres versos e dezasete sílabas. Daquela eu descoñecía a biografía en primeira persoa que Antón Lopo escribira sobre Uxío Novoneyra, titulada *A distancia do lobo* (2010), e tampouco lera unha das súas fontes: as respostas que o poeta do Courel lle dera ó tamén poeta Emilio Araújo, publicadas baixo o título *Dos soños teimosos* (1998).

Pois ben, o que despois puiden aprender nesas páxinas foi que, acabado de chegar a Madrid, Novoneyra buscou unha academia para preparar o exame de ingreso na universidade, e que nela daba clases un profesor de literatura chamado Ezequiel González Mas. Foi el quen lle aconsellou ir á Biblioteca Nacional; e alí, aínda que empezou pola listaxe de autores que lle dera o seu profesor, axiña fixo as súas propias indagacións e se debrozou nas líricas antigas.

Souben tamén que non fun o único que se decatou do influxo do haiku na súa poesía, pois noutra entrevista con Araújo, no verán do 1990, que aparece mencionada en “As cores do ucedo”, na obra *Os Eidos. O libro do Courel* (2018), explica Novoneyra que saíra algo interesante sobre *Os Eidos* no último *Grial*, titulado “O orientalismo en Novoneyra”, asinado por unha profesora de literatura da Universidade de Nova Jersey, ó parecer orixinaria de Fisterra, que, estando nunha clase sobre haiku, dixo que aquilo era unha das cousas d’*Os Eidos* (García Devesa 1990).



Gustaríame salientar unha afirmación de Novoneyra, no libro *Dos soños teimosos*, sobre o moito proveito que lle quitou ás traducións que lera na Biblioteca Nacional, cando procuraba a palabra poética de moi distintas bases culturais. Di así:

Inda tratándose de linguas moi distantes da nosa hai unha cousa interlinguas que se transmite, que canta e canta. ¡Canto nos leva influído a poesía traducida! Inda con todo o que perde un poema traducido, canto queda nun poema traducido. (2010, p. 52)

A seguir voules ler uns versos do poeta courelao:

FALA a tarde baixiño
i o corazón sínteo...


夕方遅くに話すと
心はそれを聞く...

Yuugata osokuni hanasuto
kokoro wa soreo kiku...

3. Ramón Cabanillas

Sobre Rosalía de Castro, no ano 1983 colaborei na revista *Güengo* (*A lingua mensual*) coa tradución dun poema, “As de cantar”, pero de Cabanillas non tiña ningún coñecemento. Como xa indiquei, foi no ano 1990, cando asistín ó seminario de literatura galega do profesor Alonso Montero, a primeira vez que escoitei o nome do poeta de Fefiñáns e souben do seu papel na literatura galega do século XX, polo que comprei e púxenme a ler a súa *Antoloxía poética*, con limiar de Marino Dónega (1983). Dende entón, case tódolos veráns visito Cambados (e O Salnés) para descubrir os escenarios da lírica de Cabanillas e á vez gozar da paisaxe e da amizade da xente amiga cambadesa.

No 2011 editouse o libriño *Cantata a Ramón Cabanillas*; e logo, no 2013, a editorial Ronsosha de Toquio publicou o libro *Cantata a Ramón Cabanillas. Galicia, canción da alma* de cuxa edición me encarguei, e que ten un limiar do amigo e académico Francisco Fernández Rei. A cuberta desta obra é do deseñador xaponés



Cantata a Ramón Cabanillas, 2013

Sigueru Usui, con quen falei do tema para que representase nela algo moi simbólico galego. No libro aténdese á vida e á obra de Cabanillas e preséntanse dezaioito poemas traducidos ó xaponés, xunto cun cedé con oito cancións con textos seus (“Ceíño da miña aldea”, “Camiño longo”, “Chove”, “Tódol-os días”, “Meus irmáns”, “O Rei tiña unha filla”, “Aureana do Sil” e “Foliada”), a cargo da pianista Rika Nishikawa e da soprano Miho Haga.

No ano 2014 celebrouse no Auditorio Municipal da Xuventude de Cambados un recital en homenaxe a Cabanillas, no que estas artistas nipoas interpretaron os poemas do vate de Fefiñáns que figuraban no cedé musical da devandita *Cantata a Ramón Cabanillas*. O poeta cambadés tratou da soidade ou da morriña en versos de *Ño desterro* e *Vento mareiro*; por exemplo, en “O cantar do que se alexa [Ceíño da miña aldea]”, versifícase unha materia que recolle a nosa canción “Furusato” (A terra natal). Penso que aí está o asunto universal que significa a morriña.

No ano 2019 traducín *A rosa de cen follas. Breviario de un amor* á miña lingua xaponesa, *Hyakuyô no bara*. Volvín facer fronte a numerosos atrancos, como me pasou con outros textos de Cabanillas, polos dialectalismos cambadeses, os

hiperenxebrismos e o polimorfismo, ademais das sutís metáforas coas que fiaba o seu pensamento. Traducir, como xa sinalei, é un empeño difícil de levar a cabo; con todo, no mes de febreiro do 2019 centreime de cheo nese labor e con moito esforzo puiden rematar a versión xaponesa do cancioneriño amoroso de Cabanillas, coa que penso que podó achegarlles o seu lirismo ós meus compatriotas. Esta tradución dediqueilla á miña muller Mari Yuko Tezuka, que morrera de cancro o ano anterior. A tristeza da Rula do Sar (Cabanillas colleu como título un verso de Rosalía) apreixoume o corazón.

Na introdución do poemario o vate cambadés di que eran “follas murchas dunha rosa de mocidade”; porén, a partir de datos biobibliográficos, Ricardo Carvalho Calero considera que son textos escritos nunha época achegada á data da publicación e que o depurado dos sentimentos e das expresións máis ben remite a un autor maduro e experimentado. Segundo Carvalho, o motivo fundamental da obra parece ser a *coita* de amor dos trovadores medievais, que substitúe por *saudade* de amor, termo que aparece no primeiro terceto d’*A rosa de cen follas*:

¡Amor, eterna inquedade,
pon nos meus beizos doídos
o cáliz da Saudade!

愛は、永遠の精神的苦悩、
悲しい私の口に
郷愁の聖杯を傾ける!

Aiwa eien no seshiteki kunou
kanashii watashino kuchini
kyoushuu no seihai o katamukeru!

E tamén aparece ese termo no terceto que fecha o libro:

¡E pon, para a eternidade,
no cáliz da miña vida
as meles da Saudade!

だから永遠のために、
わが人生の聖杯に
郷愁の喜びを注ぐ!

Dakara eien no tameni,
waga djinseino seihaini
kyoushū no yorokobi o sasagu!

A comezos de agosto do 2019, días despois de presentar a obra en Cambados, encontrei nunha biblioteca particular o que o propio Cabanillas denominou “A rima derradeira d’*A rosa de cen follas*” (XXXV), que dei a coñecer n’*A Trabe de Ouro* (2020). Trátase dun cuarteto co adxectivo *saudosa*, referido á ilusión, no verso segundo:

Para cantarche o canto enamorado
de aquela ilusión doce e saudosa,
cando o meu corazón xa esté enterrado
vivirá nas folliñas de esta rosa.

甘美な郷愁を誘うあの幻想に
恋する詩をあなたに捧げる、
やがて葬り去られても私の心は
この薔薇の花弁のなかに生きている。

Kambina kyoushū o sasou ano guensou ni
koisuru utao anatani sasageru,
yagate hōmuri sararetemo watashi no kokoro wa
kono bara no hanabira no nakani ikiteiru.

En marzo do 2020 editouse un cedé musical homenaxe a *A rosa de cen follas*, con tres composicións deste poemario (“Era un piniño novo”, “Aureana do Sil” e “O Rei tiña unha filla”), unha de *Nō desterro* (“Corazón-Volvoreta”) e unha de Rosalía de Castro (“Mayo longo” de *Follas novas*). O noso concerto dedicado a este poemario amoroso tivo que suspenderse pola pandemia da covid-19, mais aínda así, sacamos a segunda edición corrixida e aumentada deste libro para vencer o andazo,

e intentar celebrar un concerto na sala Masaka Yokohama e en Cambados no Ano Xacobeo 2021.

Ó fin, no ano 2023 celebramos o concerto homenaxe a *A rosa de cen follas* no Auditorio Municipal da Xuventude de Cambados, no que tres artistas nipoas (Miho Haga, Kazumi Ogura e Kiyoko Oohashi) interpretaron oito cancións dos textos de Cabanillas. E ese mesmo ano apareceu a terceira edición cos poemas da saudade d’*A rosa de cen follas*, con cuberta da deseñadora xaponesa Yuko Ishioroshi.

Remato o relativo á poesía de Cabanillas cuns versos das composicións “Camiño longo” e “Aureana do Sil”, da edición de Xosé María Dobarro e Xosé Ramón Pena (2009). Son dous poemas célebres fóra de Galicia grazas a seren musicados: a partitura de “Camiño longo”, de Ricardo Fortes, xa aparecía no comezo da edición de *Vento mareiro*, publicado na Habana no 1915; “As areas do Sil” é coñecida como “Aureana do Sil”, despois de que Frederic Mompou lle puxese música, proceso en que lle engadiu unha estrofa.

“Camiño longo” é, sen dúbida, un dos textos con maior concentración lírica de *Vento mareiro* (1915) co que Cabanillas modernizou a lírica galega:



A rosa de cen follas, 3ª ed., 2023

Camiño, camiño longo,
camiño da miña vida,
escuro e triste de noite,
e triste e escuro de día...
 camiño longo
 da miña vida!

この道、ながい道、
わが人生の道、
暗く悲しい夜、
悲しく暗い昼…
 わが人生の
 ながい道!

Kono michi, nagai michi,
waga jinsei no michi,
kuraku kanasii yoru,
kanasiku kurai yoru...
 waga jinseino
 nagai michi!

Vereda, vereda torta
en duras laxes aberta,
arrodeada de toxos,
crebada polas lameiras...
 vereda torta,
 ti onde me levas!

小さな道、曲がりくねった小道
硬く広い石を敷き詰め、
ハリエニシダで囲まれ、
泥濘に割れた…
 曲がりくねった小道、
 お前は私をどこに連れていくの!

Chisana michi, magari kunetta komichi
katakū hiroi ishi o skitsume,
harienishida de kakomare,
nukarumini wareta ...
magari kunetta komichi,
omae wa watashi o dokoni tsurete ikuno!

En “As areas do Sil” Cabanillas fai un fermoso poema de amor co tema da *aureana*, termo culto para designar as mulleres que apañaban ouro nese afluente do Miño (e noutros ríos de León e da Galicia oriental). Tamén as denominan *lavadoras* ou *bateadoras*, pero elas chamábanse a si mesmas *oreanas*.

As areas de ouro,
aureana do Sil,
son as bágoas acedas
que me fas chorar ti.

シール河の砂金採りの娘ヨ、金の
砂、それは
ぼくを泣かせる辛い
涙。

Siiru gawano sakintorino musumeyo,
kin no suna, sorewa
bokuo nakaseru
tsurai namida.

Coas que collas no río,
aureana do Sil,
mercarás, cando moito,
un amor infeliz.

シール河の砂金採りの娘ヨ、
おまえが河で採る砂金で
精々、不幸な愛を
買いなさい。

Siiru gawano sakintorino musumeyo,
omaega kawade torus sakin de
seizei, fukouna aio
kainasai.

Para dar cun cariño
verdadeiro, has de vir
enxoitarmas nos ollos,
aureana do Sil!

本当の愛を
見つけるには、僕の中から
涙を拭い去るべきだ、
シール河の砂金採りの娘ヨ!

Hontouno aio
mitsukeruniwa, bokuno mekara
namidao nuguizaru bekida,
siirugawano sakintorino musumeyo!

Hai anos conseguín o libriño *Romaxes da Franqueira* (Castrelos, 1974), e dende entón interesoume esta obra de Cabanillas. A nota do editor Xosé María Álvarez e o limiar de Xosé Filgueira Valverde servíronme para adentrarme nesas romaxes. Unha vez visitei o balneario de Mondariz e o castelo de Sobroso co meu amigo xornalista Perfecto Conde. Daquela non puider achegarme ata o santuario da Franqueira, no concello da Caniza. Como nos meses da corentena do coronavirus tiven moito lecer, empecei a traducir as “Cantigas de andar camiño” e o texto “As romaxes de Nosa Señora da Franqueira. Apuntes dun ofrecido”, que o 24 de abril do 1927 Cabanillas leu para o seu ingreso no Seminario de Estudos Galegos.

No 2021, Ano Xacobeo, publiquei a tradución *As romaxes de Nosa Señora da Franqueira* na editorial xaponesa Güinga Xosequi. O 3 de agosto do ano seguinte fun ó santuario da Franqueira con dona Pitusa Vidal Cabanillas, neta do poeta, e con Francisco Fernández Rei; desde A Caniza acompañáronnos Carme Lourido e Antonio Soto, que viñeron *ex profeso* dende Santiago de Compostela. Carme, natural

da parroquia da Caniza, no concello co mesmo nome, dende mociña acudiu ás dúas romaxes da Franqueira: a das Pascuillas, o luns de Pentecostés, a finais de maio ou comezos de xuño; e a do verán, o 8 de setembro, na que se interpreta o drama popular “Romance do cristiano e do mouro na Franqueira”, sobre un texto de Cabanillas (1949).

O poeta cambadés foi de romeiro dende Mondariz Balneario ata A Franqueira, a pé durante dous días, na década de 1920. Nós non fixemos o camiño a pé, senón en coche; a nosa “peregrinaxe” durou unhas tres horas, ida e volta a Cambados. A experiencia foi fantástica. Despois de visitarmos A Franqueira, presentamos o meu libro traducido no salón de plenos do Concello da Caniza.

DIFUSIÓN DA POESÍA GALEGA A TRAVÉS DA MÚSICA E DAS ARTES PLÁSTICAS

Para espallar no Xapón a lingua e a poesía galegas tiveron a colaboración de varias artistas. No verán do ano 2004 a casualidade fixo que encontrase a pianista Rika Nishikawa na galería Sargadelos de Santiago, pois asistía ó curso Música en Compostela, e pregunteille se quería colaborar no noso país na difusión da poesía de Rosalía e da música con textos da poeta de Padrón. No primeiro concerto, no 2008, en Kammersal Hall de Tachikawa, participaron a devandita pianista e a soprano Miho Haga, que daquela estudaba ópera en Milán. Coas dúas artistas celebramos en sucesivas ocasións o *Ciclo de música e poesía galega* no Xapón e en Galicia, desde hai case vinte anos.

Coa finalidade de divulgar a literatura e a cultura galegas no Xapón organizamos actos e concertos nas cidades de Toquio, Yokohama, Kawasaki, Nagoya e Quioto; e tamén estivemos no auditorio do Instituto Cervantes de Toquio o Día das Letras Galegas do 2012. O programa destes actos consiste esencialmente nunha conferencia, lecturas de poesía e audición de música galega. No inicio, acostumo tratar aspectos da xeografía, da historia e da cultura de Galicia, mesmo da súa gastronomía, e tamén do Camiño de Santiago, para que o público poida contextualizar os textos poéticos e musicais. Á parte destes encontros, quero salientar que no 2023 a cantante de Osaka Yoko Takano lanzou o seu traballo *Morriña*, onde interpreta o poema “As de cantar”, de *Cantares gallegos* de Rosalía, na versión que eu fixera ó xaponés.

Antes de poder interpretar a poesía de Rosalía, Cabanillas, Martin Codax e as *Cantigas de Santa María*, tiven que procurar nos distintos momentos a mellor maneira de explicarlles o sentido de cada composición ás artistas nipoas coas que traballei todos estes anos: as pianistas Rika Nishikawa, Yukiko Yamagami e Kazumi Ogura; as violinistas Hiroko Tsunoda e Kiyoko Oohashi; a arpista Rie Kosaka e a soprano Miho Haga. Unha vez que me aseguraba de que entenderan o contido dos versos, programabamos xuntos os recitais e concertos para divulgarmos a cultura galega. Por outra parte, a soprano xaponesa Yoko Suzuki cantou “Todo é silencio” de Rosalía de Castro, cando vivía en Barcelona; e no Xapón hai varios grupos (Laudesi Tokyo, Trou Bour e Stilla Maris) que interpretan música medieval galega.


Para as cubertas dos libros, cos deseñadores e coas calígrafas nipoas sempre pensei nun tema emblemático ou simbólico galego, porque na cara do libro intento que se reflecta algo do que significa a esencia da identidade galega. Estou ben satisfeito do traballo de edición dos libros sobre Rosalía, Cabanillas, Novoneyra, Martin Codax, Mendinho, Johán de Cangas e as *Cantigas de Santa María* no País do Sol Nacente. Ademais da obra impresa, tratamos de difundir a literatura galega en edición dixital. O último libro que publiquei, *Convite para as Cantigas de Santa María*, vai aparecer como libro electrónico neste ano 2024.

CABO

Para espallar no Xapón a fermosa lingua galega e a cultura de Galicia, traballei máis de trinta anos arreo, ás veces durmindo ben pouco; e sempre contei coa axuda inestimable de artistas nipoas para interpretar a música e a poesía galega e para facer carteis dos actos. Sigo a traballar, pero agora quero facelo de xeito máis calmado.

Hai anos que me preguntaron nunha entrevista para un xornal galego, “o porqué desa atracción pola cultura e a lingua de Galicia”. Respondín que “os xaponeses somos budistas e sintoístas, mentres os galegos son cristiáns; e aínda que son relixións moi distintas, todas comparten a mesma alma”.

Despois de editar o *Convite para as Cantigas de Santa María*, comecei a pensar nos poetas do mar de Vigo, sobre os que publiquei o pasado abril o libriño *Os tres xogrades da ría de Vigo*. E outro proxecto que teño na mente é a tradución xaponesa do poemario *Samos* en que Ramón Cabanillas versifica a historia dese mosteiro



bieito e glosa a vida monacal. Foi a derradeira obra do poeta de Fefiñáns. Espero que non sexa o meu derradeiro labor.

Quero rematar este discurso lembrando que na década de 1980 empecei a pescudar sobre a lingua galega; e dende que no 1989 coñecín persoalmente os investigadores do Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela, ó longo de máis de tres décadas sempre contei coa súa desinteresada colaboración. Estoulles moi agradecido ós amigos galegos que me animaron a traballar sobre a súa lingua, que desde hai tempo tamén considero miña. Doulles fe do meu amor polo galego.

Moitas grazas por todo.

Viva a súa fermosa lingua galega no mundo!

Dixen.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Afonso X, o Sabio (2008). *Cantigas de Santa María*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Disponible en https://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2008_Cantigas-de-Santa-Maria.pdf
- Álvarez, Rosario; Regueira, Xosé Luís; e Monteagudo, Henrique (1986). *Gramática galega*. Vigo: Galaxia.
- Asaka, Takekazu (1984). Empleos del infinitivo personal en gallego moderno. *Linguística Hispánica*. 7, 1-22.
- Asaka, Takekazu (1993). *Gramática do galego moderno*. Toquio: Daigaku Syorin. Limiar de Xosé Luís Regueira.
- Asaka, Takekazu (1994). *Guía de conversación en galego*. Toquio: Daigaku Syorin. Revisión de Xulio Sousa e limiar de Manuel González.
- Asaka, Takekazu (1996). *Vocabulario básico da lingua galega*. Toquio: Daigau Syorin. Limiar de Francisco Fernández Rei.
- Asaka, Takekazu (2002). Achegamento ó pronome de solidariedade en galego. En: Tullio de Mauro e Shigeaki Sugeta, eds. *Lesser-Used Languages and Romance Linguistics*. Roma: Bulzoni, 1-6.

- Asaka, Takekazu (2013). *Cantata a Ramón Cabanillas*. Toquio: Ronsosha. Limiar de Francisco Fernández Rei. Inclúe un cedé musical. Interpretan Miho Haga e Rika Nishikawa.
- Asaka, Takekazu (2015). *Xograr Martín Codax*. Toquio: Ronsosha. Limiar de Xesús Alonso Montero. Inclúe un cedé musical. Interpreta Ensemble Yuri.
- Asaka, Takekazu (2018). *Nova gramática galega*. 2.^a ed. revisada e aumentada. Toquio: Kakenhi. Limiar de Francisco Fernández Rei.
- Asaka, Takekazu (2020). A “rima derradeira” (inédita) d’*A rosa de cen follas* de Ramón Cabanillas. *A Trabe de Ouro*. 113, 105-109.
- Asaka, Takekazu (2022). *Introdución ás Cantigas de Santa María*. Osaka: Güinga Xobou. Limiar de Ramón Lorenzo.
- Asaka, Takekazu, ed. (2023). *Convite para as Cantigas de Santa María no Xapón*. Toquio: Editorial Ronsosha. Limiar de Henrique Monteagudo. Inclúe un cedé musical. Interpreta Ensemble Trou Bour.
- Asaka, Takekazu (2024). *Os tres xogrades da ría de Vigo*. Osaca e Toquio: Edicións Güinga Xobou e Sound Arts. Limiar de Mercedes Brea. Inclúe un cedé musical.
- Cabanillas, Ramón (1949). Romance do cristiano e do mouro na Franqueira. En: *Camiños no tempo*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos.
- Cabanillas, Ramón (1983). *Antoloxía poética*. Vigo: Galaxia. Limiar e escolma de Marino Dónega.
- Cabanillas, Ramón (2009). *Poesía galega completa*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia. Edición de Xosé María Dobarro e Xosé Ramón Pena.
- Cabanillas, Ramón (2020). *A rosa de cen follas. Breviario de un amor*. Osaca e Toquio: Güinga Xosequi e Sound Arts. Tradución de Takekazu Asaka. Limiar de Francisco Fernández Rei. Inclúe un cedé musical.
- Cabanillas, Ramón (2021). *As romaxes da Franqueira*. Osaca: Güinga Xosequi. Tradución de Takekazu Asaka. Limiar de Francisco Fernández Rei.
- Cabanillas, Ramón (2023). *A rosa de cen follas. Breviario de un amor*. 3.^a ed. revisada e ampliada. Osaca: Güinga Xobou. Tradución de Takekazu Asaka. Limiar de Francisco Fernández Rei.

- Carvalho Calero, Ricardo (1988). Um breviário de amor. En: *Ramón Cabanillas, camiño adiante*. A Nosa Terra. A nosa cultura, 10. Vigo: Promocións Culturais Galegas, 42-44.
- Castro, Rosalía de (2009). *Cantares gallegos*. Toquio: DTP Publishing. Tradución de Takekazu Asaka. Limiar de Xesús Alonso Montero. Inclúe un cedé musical.
- Castro, Rosalía de (2013). *Cantares gallegos*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia. Edición de Anxo Angueira.
- Castro, Rosalía de (2014). *Contos da miña terra*. Toquio: DTP Publishing. Tradución de Takekazu Asaka. Limiar de Anxo Angueira. Prólogo de María do Carme Ríos Panisse. Inclúe un cedé.
- Castro, Rosalía de (2016). *Follas novas*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia. Edición de Anxo Angueira.
- Castro, Rosalía de (2018). *Follas novas*. Guifu: Eibunshya. Tradución de Takekazu Asaka. Limiar de Anxo Angueira.
- Cunqueiro, Álvaro (1983). *Xente de aquí e de acolá*. Vigo: Galaxia.
- Fernández Rei, Francisco (2015). *Ramón Cabanillas, Cambados e o mar da Arousa*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- García, Constantino (1983). *Recantos da lingua*. A Coruña: La Voz de Galicia.
- García Devesa, Consuelo (1990). O orientalismo en Novoneyra. *Grial*. 28 (106), 204-217.
- Lopo, Antón (2010). *A distancia do lobo. Biografía de Uxío Novoneyra*. Vigo: Galaxia.
- Novoneyra, Uxío (1998). *Dos sonhos teimosos*. Santiago de Compostela: Noitarenga. [2.ª ed. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2010].
- Novoneyra, Uxío (2017). *Os Eidos*. Toquio: Kakenhi. Tradución de Takekazu Asaka. Limiar de Claudio Rodríguez Fer.
- Novoneyra, Uxío (2018). *Os Eidos. O libro do Courel*. Monforte de Lemos: Chan da Pólvora.

**Takekazu Asaka:
do achado dunha lingua
á divulgación da súa poesía musicada**

**Resposta do excelentísimo señor don
Francisco Fernández Rei**



Señor Presidente da Real Academia Galega,
señoras e señores académicos,
querido Takekazu,
autoridades, amigas e amigos.

Quero agradecerlle á Academia que me encargase a contestación do discurso de Takekazu Asaka, persoa amiga coa que levo compartido moitos paseos e xantares en Compostela e en Cambados, e intercambiado un bo quiñón de correos sobre os seus proxectos para difundir no Xapón a lingua e a cultura galegas. Con especial atención seguín o proceso de elaboración e edición dos seis libros sobre a figura e a obra de Ramón Cabanillas que foi publicando desde o 2011, para os que redactei cadanseu limiar; tamén lle prologuei no 1995 o *Vocabulario básico da lingua galega* e, anos despois, as dúas edicións da *Nova gramática galega*.

Moito me alegra que este plenario se celebre no auditorio cambadés onde a Academia, en novembro do 2009, honrou a Cabanillas no seu 50º cabodano e en novembro do 2015 celebrou o centenario da publicación do emblemático *Vento mareiro*. Ademais, neste mesmo auditorio púidose gozar de tres concertos dos organizados por Asaka no Xapón, en que artistas nipoas interpretaron cancións con textos de Rosalía, de Cabanillas e doutros poetas galegos.

I. PROFESOR DE CASTELÁN NAMORADO DA LINGUA GALEGA

O maior de catro irmáns, Takekazu Asaka naceu e criouse nunha familia labrega da zona rural de Toquio. Para os estudos universitarios, en principio, interesáballo Xeografía e Historia; o pai recomendáralle Dereito e, finalmente, estudou

Economía Internacional na Universidade de Kanagawa (campus de Yokohama), onde se licenciou no 1975. Con todo, o que realmente lle debían gustar eran as linguas ibéricas estatais, pois en novembro dese ano veu estudar castelán na Escola Oficial de Idiomas de Madrid, e no curso seguinte, de regreso en Toquio, diplomouse en portugués na Universidade de Toquio Gaidai.

No 1977 volveu a España para realizar un curso de lingüística hispánica para estranxeiros na Universidade Complutense de Madrid e, como acaba de contar, coñeceu dous galegos que se dirixían a el en castelán, pero “entre eles falaban nunha lingua estraña, un dialecto do castelán... pensaba naquel momento” (Asaka 2006). Daquela sabía da existencia do catalán e do éuscaro, pero non do galego. Despois de asistir a unha conferencia de Manuel Alvar sobre xeolingüística de España, e tras a lectura do seu artigo “Nuevas consideraciones metodológicas: el gallego en el ALPI” (Alvar 1973), á que sumou a do libro *Las lenguas de España* de Díez, Morales e Sabin (1977), quedoulle claro que o galego era unha lingua.

Coñecer a xeografía lingüística hispánica motivouno a facer o doutoramento en Filoloxía Románica na Universidade de Kansai Gaidai de Osaca, onde se doutorou no 1985 cun estudo da estrutura do infinitivo persoal en galego moderno.¹

A partir do 1987 e ata marzo do 2022 foi profesor de gramática española na Universidade Tsudajuku de Toquio. Ademais, entre 2005 e 2022, impartiu cursos intensivos de lingua galega noutras universidades xaponesas a alumnado dos departamentos de español e de portugués interesado nas linguas minorizadas, e no Conservatorio de Música de Toquio, a quen quería vir estudar música a Galicia. A este labor docente hai que engadir as súas clases de lingua e cultura galegas no Instituto Cervantes da capital nipoa.

Nun correo recente dicíame: “Non me gusta o inglés como lingua internacional ou esperanto. É a lingua de negocio, pero o galego non. O galego é a lingua de minoría en Europa e ten a súa historia propia e a cultura. Só dous millóns de falantes”. Detrás da súa escolla pola aprendizaxe desta lingua minoritaria (e minorizada) parece que estivese o feito de querer afondar na cultura e na historia dos seus falantes, pois acaba de dicirnos que ó seu alumnado xaponés lle explicaba “que era necesario aprender a lingua do pobo galego para entender a súa historia, cultura e xente”.

1 Soubo da existencia deste infinitivo en portugués grazas ó manual das linguas de Europa de Izui (1968), e que tamén o había en galego descubriuno pola monografía de Gondar (1978). Pareceu un fenómeno extraordinario e curioso, polo que decidiu indagar a causa desa conxugación.

Encontreime por primeira vez con este “embaixador da lingua galega no Xapón”, como reza na súa tarxeta de visita, en setembro do 1989, no *XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas* que se celebrou na universidade compostelá e ó que asistiron cerca de mil persoas. Para mostrarlle á romanística que Galicia tiña lingua propia e que esta levaba anos sendo estudada, ademais das seccións habituais, no simposio houbo unha dedicada exclusivamente á lingua galega, á que presentei dous relatorios.² Ó acabar unha destas intervencións, do fondo da sala vin erguerse unha persoa que, polo aspecto, parecía xaponesa; aproximouse á mesa, tirou unhas fotos e volveu para o seu asento. Nos días que seguiron funme decatando de que ese “oriental” case sempre permanecía na sala da sección dedicada ó galego.

No final dunha das xornadas falei con el, xunto con Antón Santamarina, daquela secretario do Instituto da Lingua Galega, e con Manuel González, director dos Cursos de verán de lingua e cultura galegas para estranxeiros que o Instituto estaba botando a andar nese momento e que, anos despois, coorganizaría con esta Academia. Nun galego algo especial “que aprendera a falar con moitas lecturas e moitas cancións galegas”, contounos que era profesor de castelán nunha universidade de Toquio, que levaba anos investigando o noso idioma e que coñecía as novidades literarias de Galaxia. Os tres animámolo a que no verán seguinte volvese a Compostela como alumno dos cursos de galego para estranxeiros.

Tal e como vimos de escoitar no seu discurso, o novo académico de honra participou nas edicións dos dous anos seguintes, e desde aquela acode a Galicia cada verán. Unicamente faltou no 2004 por problemas de saúde, no 2011 polo accidente na central nuclear de Fukushima e no 2018 polo falecemento da súa muller Mari Yuko, ademais da xeira da pandemia do coronavirus.

2 Un relatorio centrábase na metodoloxía do volume I do *Atlas Lingüístico Galego. Morfoloxía verbal*, que se editaría no verán do ano seguinte; e o outro, na contribución das organizacións políticas á normalización da lingua galega desde o 1963.

2. GALICIA, A SÚA SEGUNDA PATRIA

Takekazu Asaka viviu de ensinar castelán como segunda lingua estranxeira durante trinta e cinco anos, pero a súa paixón foi e segue a ser a lingua e a cultura galegas, pois leva estudándoas corenta anos, traducindo ó xaponés poetas medievais e modernos e difundindo a súa poesía a través da música.

No 1993 declaraba que o único que sabía de Galicia era que ata aquí peregrinaban os católicos europeos e que, como moitos estranxeiros, non imaxinaba que en España houbera un lugar con pouco sol e escaso interese polas corridas de touros. Descubrira nesta terra “un país distinto” e consideraba que o galego estaba nunha situación de inferioridade verbo do castelán “por causas políticas y económicas”, ó tempo que avogaba por potencialo en harmonía coas outras linguas de España (Hermida 1993). No 2011 manifestaba que “[o] galego ten que deixar de ser en Galicia a lingua B para pasar a lingua A” (Veiga 2011), que os galegos non saben promocionarse, e que “[e]sa potencia perdida la tienen que recuperar defendiendo las ventajas de usar su idioma” (Iglesias 2011).

Anos despois confesou que sentía Galicia como a súa segunda casa e que cando está no Xapón ten morriña. Nas nosas paisaxes naturais encontrou semellanzas coas da illa de Hokkaido, no norte dese país insular, pois ambas comparten rías na costa e montes, ríos, balnearios e verde no interior. Trátase dunha zona que Asaka coñece ben por ser o escenario onde practicou alpinismo na mocidade. Cabe preguntarse ata que punto a súa identificación coa natureza tamén puido contribuír a espertar o seu interese pola nosa lingua.

Os seus amigos nipóns non entendían que falase galego, pois pensaban “que unha lingua minoritaria é algo inútil. Pero a min interésame moito coñecer os mundos pequenos”, afirmaba no verán do 2006, días despois de vivir a vaga de incendios que ese ano arrasara moitas comarcas de Galicia:

Vin arder Ames, queimouse un monte enteiro arredor da casa dun amigo meu. [...]

En Xapón hai monte volcánico e algunha erupción, pero arde pouco. Ademais, temos unha tecnoloxía moi boa para conter o lume, tirando desde avións unha especie de area para protexer. Aquí botades auga. (Mirás 2006)

Afeito á hiperconectividade de Toquio, moverse por Galicia para el mantén un algo de odisea no século XXI: “O transporte público é terrible; tardas un montón en ir a calquera sitio, as liñas de tren... uff. Aquí semella que hai que ter coche obrigatoriamente”. Aínda así, durante anos non deixou de acudir á alta montaña luguesa, a San Martín de Suarna (A Fonsagrada), aldea natal de Antón Santamarina, onde gozaba de praceres imposibles en Toquio: “Veño aquí e escoito os paxaros. O ruído do vento. Mesmo se o vento é frouxo. En Xapón en verán vai moita calor e aquí estase de marabilla”. Á parte desa tranquilidade, en palabras súas, “é en sitios como San Martín de Suarna onde se escoita o galego puro e non o ‘chapurreado’ das cidades” (Veiga 2011). Vemos aquí de novo como se entrelaza o seu gusto polas paisaxes naturais e lingüísticas, e non parece insensato concluír que foi a observación demorada de ambas o que máis adiante o levaría a escribir un artigo sobre a fala desta aldea (Asaka 2015).

Durante anos veu directamente a Compostela, pero nunca deixou de achegarse a Cambados para pasear ou por motivos gastronómicos. Sobre as comidas que moito lle gorentaban deixaba constancia no 2013 na coda da *Cantata a Ramón Cabanillas*: “Atopei un bo viño albariño, sobre todo, marca Vento Mareiro, e ‘o arroz á mariñeira’ no restaurante María José e ‘zamburiñas’ no restaurante Pintos en San Tomé. Isto é a guía da miña gastronomía ou o meu *gourmet*”.³ Comida caseira con pratos exquisitos nos antípodas do que el sinalou cando lle preguntaron polos gustos alimentarios no Xapón: “Os xaponeses comemos comida química; compramos todo conxelado e logo vai ao microondas” (Vilar 1993).

Desde que no 2010 se dedicou en profundidade a analizar e traducir a Cabanillas, os anos que seguiron aproveitou o lecer en Cambados e no Salnés para estudar a gheada cambadesa (Asaka 2018) e publicar unhas notas sobre a fala da Illa da Arousa, despois da experiencia de vivir uns días nela (Asaka 2020).

Como dixen, non visitou Galicia no verán do 2018 polo falecemento da súa muller; pero no Nadal dese ano, co seu único fillo, Hiro, de 18 anos, veu directamente á Vila do Albariño para se albergaren nun establecemento da ribeira de Fefiñáns, onde ó erguérense podían ver na boca da ría a Sálvora cantada por Cabanillas, a “illa encantada / de rochedos de coral, esmeralda verdegaia / ó resplandor do luar”, que nunha furna gardaba a espada Excálibor “apreixada nas firentes / poutas dun aguia real”; a mesma illa que “vela o sono do rei Artur que repousa no sartego

3 Cito pola tradución galega da coda (en xaponés) que me fixo o propio Asaka.

aberto pol-o ferro de Celt”. E a carón de Sálvora, posiblemente observarían o farallón de Nor (ou Noro), que “axexa o atraque dos esquifos de coiro dos abós céltigos e os vagorosos heróis ossiánicos en volta de terras de Armórica”.

Pai e fillo estiveron entre nós nuns días de tristeza inmensa en Cambados polo recente afundimento do barco de cerco *Sin Querer Dous*. Na noite do 24 de decembro, celebraron connosco o solsticio de inverno con marisco da ría e con caldeirada de bacallau e coliflor, como se ceou sempre esa noite na casa de meus pais e nas casas mariñeiras de Fefiñáns.

Aínda hoxe me marabilla o coñecemento que Asaka ten da vila e de bastante xente de Cambados e, por suposto, dos sitios de bo xantar. Algunha vez que llo comentei, respondeume: “É que levo moitos anos vindo aquí!”. E cando no verán do 2019 un xornalista quixo saber que lugar do concello ou dos arredores lle recomendaría visitar a unha persoa de fóra, contestoulle: “O mosteiro da Armenteira, donde se produciu ese encontro de San Ero co paxariño que canta Cabanillas” (Martínez 2019).

3. INVESTIGADOR DA LINGUA E TRADUTOR DOS CLÁSICOS

Verbo do seu primeiro contacto co galego, no limiar de *Enormic Banda* 2018,⁴ explicaba:

Dende que empecei a estudalo, interesábanme tres fenómenos lingüísticos: a gheada, un fenómeno fonético propio da lingua galega, o pronome de solidariedade, forma do pronome átono de segunda persoa que se emprega cando se quere facer participar o interlocutor (ou interlocutores), e o infinitivo conxugado, é unha característica máis orixinal do galego.

Sobre eses fenómenos e outros temas de morfoloxía e sintaxe do galego actual escribiu unha serie de artigos (case todos en xaponés, varios cun resumo final en galego), que poucos anos despois conformarían algúns dos esteos da *Gendai Galizia Go Bunpoo. Gramática do galego moderno*, que tivo unha tiraxe de 2 000 exemplares e onde se recollía o esencial da gramática e do uso da lingua con ampla exemplificación. Era o ano 1993, o mesmo en que na obra colectiva (en xaponés) *As linguas*

4 Revista da Coordinadora de Equipos de Dinamización Lingüística dos centros de secundaria do Salnés.

do mundo publicou a entrada “Galego” cunha caracterización lingüística acompañada de frases con versión xaponesa (*Bos días, Boas noites, ¡Manda cavallo!, Grañas...*) e dúas estrofas do rosaliano “Adiós ríos, adiós fontes”. “Sayounara kawayo, sayounara izumiyo”.

A súa preocupación polo léxico e a fraseoloxía reflectiuna na *Guía de conversación en galego* (1994), a primeira para falantes xaponeses, e no mencionado *Vocabulario básico*, onde cada forma galega se acompaña da correspondente castelá e xaponesa. Anos despois tratou a interferencia léxica do castelán no galego e a adaptación dos castelanismos.

A estes traballos sobre a lingua hai que sumar o de coordinación cun colega da Universidade de Quioto dun volume en que romanistas xaponeses e españois, e xaponeses estudosos do éuscaro, analizaron a situación de todas as linguas ibéricas, estatais e minorizadas, mesmo a do aragonés, occitano de Arán, asturiano e mirandés (Bando e Asaka 2005). Asaka encargouse das entradas “Galego” e “Asturiano”; e, anos máis tarde, ocupouse do galego estremeiro, en particular do falado no Eo-Navia.

Como docente, no 1992, e só ese ano, na universidade en que era profesor de castelán deu clase de literatura galega como materia optativa no programa de estudos Literatura de Europa. Falou do García Lorca en galego, dos *Cantares gallegos* de Rosalía e dos *Queixumes dos pinos* de Pondal. No ano seguinte editou a versión xaponesa de catro dos seis poemas en galego de Lorca; posteriormente irían aparecendo as traducións de Rosalía, de Cabanillas e de Novoneyra, e andando o tempo as de poetas medievais (Martin Codax, Afonso X, Mendinho e Johán de Cangas), tal como acaba de debullar. Recentemente puxo en xaponés os haikus do libro de Esperanza Mariño *A pousa da libélula. Kagueroo no yasuragui* (Medulia, 2024).⁵

Cando no 2011 publicou os *Cantares* de Rosalía e lle preguntaron se pensaba verter ó xaponés *Follas novas* e *En las orillas del Sar*, declarou:

De momento non me move o interese pola obra escrita en castelán de Rosalía. Agora non estou a pensar en traducir *Follas novas* ao xaponés, nin tampouco eu mesmo teño ningunha técnica impecable como tradutor. Penso que traducir é unha obra de arte, e eu non son artista, senón filólogo. Pero a min interésame moito *Conto da miña terra* de R. C., iniciais que sen dúbida

5 Tamén traduciu algún poema de Eduardo Pondal, de Celso Emilio Ferreiro, de Lorenzo Varela, de Antón Tovar, de Claudio Rodríguez Fer e de Xabier Cordal.

corresponden a Rosalía de Castro. Vou intentar verter este contiño ao xaponés coa axuda da profesora Ríos Panisse. (Rábade 2011, p. 313)

Porén, no 2018, mentres atravesaba eses momentos persoais tan complicados a que se referiu, rematou e deu ó prelo unha escolma ampla e moi representativa das cinco seccións das *Follas* rosalianas, en que Asaka, como escribiu Anxo Angueira no limiar, “co seu amor por Rosalía e por Galicia, leva hoxe estas *Follas novas* revoando do galego ó xaponés, dos campos atlánticos, fisterráns e crepusculares de Galicia ós camiños e prados e bosques das extremas orientais e asiáticas onde nace tódolos días o Xapón”.

Estas liñas do académico de Manselle permítenme incidir novamente no vencello de Asaka coa paisaxe natural. Un dos autores xaponeses que máis lle gusta é Kihachi Ozaki (1892-1974) —alpinista, como o foi el de mozo— porque, segundo me dixo nunha comunicación persoal, a través da súa poesía pode sentir a natureza. Nos versos de Ozaki adquiren un indiscutible protagonismo o monte, o ceo, a nube, o campo, a árbore e a flor, como se aprecia no poemario *Sora to Jumoku* [*Ceo e árbores*] (1922). Na conversa constante entre a voz poética e a natureza que se advirte nese libro de Ozaki, posiblemente estea o xerme da súa emoción cando leu *Os Eidos* de Novoneyra e antes, algúns poemas de Rosalía e de Cabanillas.

Outro dos seus referentes no eido da poesía é Tooson Shimazaki (pseudónimo de Haruki Shimazaki, 1872-1943), que comezou como poeta romántico e acabou sendo un dos maiores propoñentes do naturalismo xaponés. A súa obra *Wakanashū* [*O primeiro amor*] (1897) gardaría algunhas semellanzas con *A rosa de cen follas* de Cabanillas, que Asaka traduciu no 2019, despois de editar unha escolma do vate cambadés en *Cantata a Ramón Cabanillas* (2013).

Os oito primeiros textos desta escolma son os cantares que aparecen no cedé que acompaña o libro, interpretados pola soprano Miho Haga e a pianista Rika Nishikawa. Os poemas “Camiño longo”, “Chove” e “Foliada” musicounos o turolense Antón García Abril (1994), que fora profesor de Rika nos cursos Música en Compostela, mentres que a “O cantar do que se alexa [Ceño da miña aldea]”, “Todol-os días”, “Meus irmáns”, “O Rei tiña unha filla” e “Aureana do Sil” puxéronlles música, respectivamente, Manuel Blancafort, Jesús Guridi, Xavier Montsalvatge, Ataúlfo

Argenta e Frederic Mompou.⁶ Estes cinco poemas forman parte do libro-homenaxe *Doce canciones gallegas dedicadas a Antonio Fernández Cid* (1952), que no seu día o propio Fernández Cid, crítico musical ourensán, lle enviou ó vate cambadés coa dedicatoria: “A Ramón Cabanillas, cuya calidad excepcional de poeta supo cautivar a cinco de los músicos que figuran en esta colección. Con la admiración y simpatía máximas”.


Levado pola súa curiosidade e na liña dos anteriores traballos, Asaka traduciu versos doutros poemas no artigo “O paseíño arelado do poeta Ramón Cabanillas” (2019). Trata das placas e monumentos ó poeta (en Cambados e noutros lugares) e da súa paisaxe, xa que para el “a paisaxe da poesía non é só a paisaxe da alma, senón tamén unha sensación exteriorizada” (Asaka 2019, p. 26). A todo o anterior habería que engadir a versión nipoa dos catro sonetos da composición “O paxaro da Armenteira”, de *Ño desterro* (Asaka 2022).

A maiores, o ano pasado publicou un texto onde reflexiona sobre a influencia da arte xaponesa na cuberta de Castelao da segunda edición de *Vento mareiro* (1921) de Cabanillas, que me permitiu repensar a miña idea de cal era o vento representado nela. Crieime entre xente para a que o *vento mareiro*, ou o *mareiro*, é unha brisa maina e agarimosa que vén do costado de noroeste da ría, do Barbanza (ás veces do suroeste, de Sálvora), no final da primavera e no verán, do mediodía á tardiña baixa. Porén, para a xente do mar de Rianxo, de onde era Castelao, o *vento mareiro* é unha brisa suave, que sopra de calquera parte e que permite un bo navegar, mentres que o *vento do mar* sopra do sur e trae temporal e chuvia. Sempre pensei que nesa cuberta se representaba o *vento do mar* rianxeiro, e non o *vento mareiro* cambadés.

Asaka (2023) considera que Castelao debeu inspirarse na obra de Hokusai Katsushika (1760-1849), un dos maiores expoñentes da arte da estampa xaponesa coñecida como *ukiyo-e*, que pintou de xeito moi real o vento sen que se vexa.⁷ Katsushika é autor dunha serie de 36 gravados con paisaxes do monte Fuji; dela forma parte a xilografía *Sunshuu Ejiri* [Vista de *Sunshuu Ejiri*], datada arredor do 1830-1832. Neste gravado, en primeiro plano vense dúas árbores inclinadas cara á dereita,

6 O poema XXVIII d’ *A rosa de cen follas* non ten título e comeza co verso “As areas de ouro”. Asaka publica co título de Mompou “Aureana do Sil” e reproduce a estrofa que lle engadiu este compositor catalán: “Si quieres ouro fino / aureana do Sil / abre o meu corazón: / tés de atopalo alí”.

7 Hai anos Asaka achegoume o borrador do texto sobre a cuberta de *Vento mareiro*, que tiven en conta nunha intervención nun acto da Real Academia Galega sobre o poeta de Fefiñáns (Fernández Rei 2015, pp. 572-574).



Cuberta de Castelao para *Vento mareiro* (1921), de Ramón Cabanillas



Sunshuu Ejiri. Hokusai Katsushika (ca. 1830 - 1832)

das que van caendo follas, e catro das sete persoas que avanzan por un camiño retorto rodeado dun pantano, sorprendidas por un inesperado refacho: un home intenta recuperar o sombreiro, que marchou voando, á vez que voan os papeis que escaparon da mochila dunha muller coa cara tapada pola súa roupa movida polo vento, e os demais viandantes da estampa agáchanse e suxeitan ben cadanseu gorro. No fondo érguese o monte Fuji, debuxado co contorno dunha soa liña.

A cuberta da obra de Cabanillas ten unha composición semellante á desa xilografía de Katsushika: dous piñeiros tamén virados á dereita, cunhas pólas moi parecidas ás das árbores do prolífico gravador; un mariñeiro maior, con roupa azul (seguramente de tea de Maó) camiña pola praia; un forte vento intúese nas árbores e nas ondas do mar que rompen na mallante; ceo e mar nunha tonalidade escura entre azul e gris, que é claramente gris na estampa titulada tamén *Vento mareiro* (ca. 1921).⁸ Sobre esta obra, *O Paraño* e outras realizadas entre 1920 e 1926 que denominou *Estampas*, Tilve (2021, pp. 75-76) escribiu:

[...] el artista manifiesta su evidente inspiración en el gusto ornamental y en los repertorios formales de la estampa japonesa de la que tomará elementos compositivos, como los encuadres en picado y las acotaciones espaciales, así como característicos motivos que aparecían como elementos secundarios en las xilografías de *ukiyo-e* —los árboles, las olas, el viento— que Castelao convierte en paradigmáticos protagonistas de sus trabajos.

4. DIVULGADOR DA CULTURA E DA POESÍA MUSICADA

Nunha entrevista de hai case vinte anos, á pregunta de que temos en común galegos e xaponeses, Asaka contestou: “Creo que nada. Os xaponeses que veñen aquí, un montón deles, fan tamén o Camiño de Santiago e van ao Hostal dos Reis Católicos, pero en autobús” (Mirás 2006). Con retransa comentaríame que “o novo emperador do Xapón tamén fixo o Camiño de Santiago, pero só andou cen metros”.

8 Na estampa *Vento mareiro* (ca. 1921, en Asaka ca. 1929) cambia a composición respecto da cuberta do poemario de Cabanillas: vense cinco piñeiros grandes inclinados á dereita e en primeiro plano varios pequenos; dous piñeiros pequenos e un piñeiro pequerrecho pegados a un valado levantado na praia, mesmo á beira do mar; a cor do ceo e do mar é o gris dos días de temporal.

Vendo que no seu país o que se coñecía de Galicia era pouco máis có Camiño Xacobeo e a marca Zara, para intentar difundir alí a realidade sociocultural galega tivo a feliz idea de publicar integramente en xaponés unha monografía sobre cultura, economía e historia de Galicia, que incluíse un apartado sobre a historia do Camiño de Santiago (Asaka 2011). Unha vez que o proxecto se fixo realidade, preguntado polo que o lector nipón ía atopar nese libro, respondeu:

A miña idea foi sintetizar o mellor e máis interesante de Galicia e da súa cultura en cincuenta capítulos. Sobre este libro hai que salientar algo moi importante como é o feito de que a editorial Akashi nunca publicou un libro destas características centrado nun lugar concreto dun estado, é dicir, o resto da colección, cada volume —e xa van oitenta e oito publicados— está dedicado a un estado concreto. Con Galicia entenderon que debían facer esa excepción. O libro estará nas principais librerías do Xapón, e o recibirán tamén as facultades. Escollín un xeito de redactar doado para facelo asequible ao lector medio. (Galaxia 2012)

Talvez non sexa desatinado buscar algún tipo de relación entre o afán divulgador da cultura de noso que atesoura Asaka e a súa afección pola música clásica e pola música galega tradicional. A favor desta hipótese pódese argumentar que o seu gusto por esas músicas agromou na terra fértil dun tipo de canción tradicional xaponesa que escoitaba cando neno. Coñecida como *min'yō*,⁹ naceu de xeito natural nas comunidades mariñeiras, labregas e montañesas como reflexo e prolongación da vida cotiá en cada unha delas.

Polo que puiden descubrir ó adentrarme nesta expresión musical, existen diferenzas entre uns lugares e outros, e adoitan agruparse en *min'yōs* relixiosos, nupciais, de traballo, infantís e para enterros e festas. Interpretados por unha ou por varias persoas, ás veces poden acompañarse de instrumentos. Os *min'yōs* de traballo daban conta dos labores do campo e do mar, mentres que os máis modernos semella que reconstrúen aquelas vidas cun aquel de tempos idos e paraíso perdido. Na súa orixe eran cantos da xente común, non de profesionais, transmitidos oralmente, que a comezos do século XX acadaron moito éxito cando se introduciu o *yoko-bue*, a fruta de bambú.

9 O termo parece ser tradución do alemán *Volksreed* e do inglés *folk song* ou ben de *Volkspoesie*, cancións populares, fronte a *Kunstpoesie*, poesía técnica ou artística.

De acordo con Yanes Casimiro (2021, p. 18), a oración *Min'yō wa kokoro no furu-sato* define á perfección o significado de *min'yō*. Esta expresión en moitas ocasións invértese, e en lugar de traducirse como “A canción popular é a cidade natal do corazón”, escóitase “A canción popular é o corazón da cidade natal”. A expresión componse de *min'yō*, *kokoro* ‘corazón’ e *furu-sato* ‘cidade natal’, e nela áchase “el carácter local al que se refería Hughes (2008), el lugar de origen de un individuo donde permanece su corazón”. Este investigador exemplifica a súa teoría falando da segunda xeración que habita en Toquio pero que, con todo, continúa considerando o seu lugar de orixe a aldea ou vila rural onde permanecen os seus avós ou parentes. Coido que moita xente de Galicia pode recoñecerse nesas palabras.

Como el mesmo puxo de manifesto, Asaka é un amante da música tradicional galega (e tamén da medieval), á que chegou a través de grupos e cantantes que son referentes desde hai moito. Confésase seguidor de Milladoiro —foi ós concertos que deu no Xapón—, de Uxía e de Luar na Lubre, grupo do que traduciu os textos dos traballos *XV Aniversario* (2001), *Espiral* (2002), *Hai un paraiso* (2004) e *Saudade* (2005), por encargo da empresa Oomagatoki de Warner Music. Tamén lle gustan Fuxan os Ventos, Na Lúa, Carlos Núñez, Rodrigo Romaní e Roi Casal, así como a galega do Porto Maria do Ceo e o grupo portugués Madredeus.

Poida que a música tradicional (e a Galicia non urbana) lle recorde o Toquio rural en que naceu e se criou, pois son moitos os xaponeses que consideran que o *min'yō* afecta profundamente o seu ser, porque lles evoca a saudade da súa infancia e das súas familias. A de Asaka foi unha familia labrega, e nalgunha ocasión lembrou para min como os seus avós lle narraban lendas e contos populares e como o seu pai, acompañándose da frauta de bambú, interpretaba *min'yōs* do norte do Xapón na Festa da Colleita que cada ano se celebraba no equinoccio de outono (agora no segundo sábado de setembro) no templo xintoísta Akagui. Eran cantos populares da colleita do arroz e cancións festivas do século XIX.

O amor pola música galega tradicional e polo *min'yō* vese claramente na súa decisión de crear o *Ciclo de música e poesía galega* en Xapón. En Kawasaki, cerca de Toquio, o 18 de abril do 2009 tivo lugar o primeiro acto poético-musical. Acababan de aparecer os *Cantares gallegos* en xaponés, polo que ese ano Rosalía de Castro foi o tema central. Asaka impartiu a conferencia “Rexurdimento galego e Rosalía” e as citadas Miho Haga e Rika Nishikawa interpretaron cinco poemas dos *Cantares*. Nese 2009, en Cambados estíbese a celebrar o Ano Cabanillas, de maneira que na

sesión de Kawasaki deu, a maiores, a conferencia “O viño galego: o albariño e o ribeiro” e traduciu “Camiño longo”, que Miho cantou en galego e Rika interpretou ó piano coa música de García Abril.

A segunda edición foi algo máis ca un acto poético-musical. Nese ano 2010, ó longo de seis meses, a Universidade Gakushuin de Toquio acolleu relatores que disertaron sobre música, arte, arquitectura, gastronomía e o Camiño de Santiago. Asaka tratou a lingua e a literatura medieval e moderna e preparou o concerto *Canta a Galicia* en homenaxe a Rosalía, Cabanillas e outros poetas galegos.

A edición do ano 2012 constou de tres sesións, que se celebraron na sede do Instituto Cervantes de Toquio: unha sobre música tradicional, outra sobre música medieval e a terceira sobre poemas modernos musicados. Neste ciclo, igual que nos demais, repartiuse un libreto cos cantares en galego e en xaponés. Na primeira sesión (17 de maio), Yuuki Kojima centrou a súa conferencia na gaita de fole e interpretáronse temas musicais de Luar na Lubre a cargo dun trío de contrabaixos. Na segunda (15 de xuño) houbo unha mostra de instrumentos musicais de Galicia e o conxunto de música medieval Laudesi Tokyo, dirixido pola musicóloga Yuri Sugüimoto, interpretou cantigas de amigo de Martin Codax, algunha cantiga mariana de Afonso X e pezas do *Liber Sancti Jacobi*. Na última sesión (6 de xullo) Asaka deu a conferencia “Versos do Rexurdimento da literatura galega” e as citadas Miho e Rika executaron doce pezas musicais a partir de poemas galegos, entre eles, dous de Rosalía, seis de Cabanillas, un de Celso Emilio e outro de Antón Tovar.¹⁰

O acto músico-poético do 24 de novembro do 2013 trasladouse á cidade de Yokohama e dedicóuselle integramente ó poeta cambadés. Contou coa interpretación polas mesmas artistas das oito composicións do cedé da *Cantata*, que se editara ese mesmo ano cunha cuberta moi galega baixo o prisma xaponés: un prato de Sargadelos e nel flores de toxo. O reclamo publicitario do acto foron versións caligráficas dos poemas “Camiño longo” e “Foliada”.

10 Os poemas de Rosalía eran “Cando vos oyo tocar” e “Todo é silencio”, musicados por A. García Abril; os poemas de Cabanillas eran “Chove”, “Camiño longo” e “Foliada”, musicados tamén por A. García Abril, e “Ceíño da miña aldea”, “O Rei tiña unha filla” e “Aureana do Sil” musicados, respectivamente, por M. Blancafort, A. Argenta e F. Mompou; o poema de Celso Emilio Ferreiro “María Soliña” e o de Antón Tovar “Canzón para Virxe que fiaba” musicados, respectivamente, por A. García Abril e M. Castillo. Ademais, Rika interpretou ó piano as cancións “Intermedios” de J. Durán e “Carros de Galicia” de F. Mompou.

O soño de Asaka era facer en Cambados ese concerto. Tal era a súa arela que mesmo estaba disposto a pagar a metade da viaxe desde Xapón das artistas. Foi así como o 6 de agosto do 2014, neste auditorio, tivemos a oportunidade de escoitar o *Concerto homenaxe a Ramón Cabanillas* en que Miho e Rika interpretaron as oito pezas do cedé da *Cantata*.¹¹

Despois de editar o cancionero amoroso de Cabanillas, Asaka programou para o 2020 o *Concerto homenaxe a Arosa de cen follas*, a finais de marzo en Yokohama e o 25 de xullo na praza de Fefiñáns, corazón de pedra do Cambados monumental, pero a pandemia da covid-19 impediuno. Nesa cidade xaponesa adiouuse ata o 22 de novembro do 2020, mentres que en Cambados houbo que agardar tres anos para poder celebralo. Os temas seleccionados eran cancións con textos dese cancionero e doutros libros de Cabanillas, xunto con “Maio longo” de Rosalía e “María Soliña” de Celso Emilio.¹²

En Yokohama, para contextualizar o concerto, Asaka impartiu a conferencia “O poeta arelado Ramón Cabanillas e Cambados”, que ilustrou con diapositivas en que se mostraba a paisaxe do mar (o “lago cambadés” un día de calma borrada e un solpor) e a paisaxe do campo (veigas con millo e con parras de albariño, vistas desde o barrio da Pastora); a torre de San Sadurniño con versos de Cabanillas en galego e xaponés (“Ti caes pedriña a pedra / e eu ilusión a ilusión!”); cubertas de libros de Cabanillas en xaponés; unha botella de albariño Vento Mareiro, xunto coa cuberta de Castela desta obra e a xilografía de Katsushika en que se baseou; unha botella de albariño Martín Códax entre a tradución de Asaka e a obra *As sete cantigas de Martín Códax en dez idiomas*; e como ramo, o epitafio de Cabanillas en Bonaval, con versión xaponesa do terceto.

- 11 Igual que no concerto de Toquio do 6 de xullo do 2012, Rika interpretou ó piano “Carros de Galicia” de Frederic Mompou e “Intermedios” de Juan Durán; e as dúas artistas remataron o evento con dúas cancións xaponesas, “Defune” [Barco] e “Hamabe no uta” [Canción da beiramar]. O 28 de xullo do 2017, tamén no Auditorio Municipal da Xuventude de Cambados, celebrouse o *Concerto homenaxe a Ramón Cabanillas e á poesía galega* en que a soprano Miho Haga e a pianista Yukiko Yamagami executaron dez pezas galegas: catro poemas de Rosalía, un de Álvaro de las Casas, un de Antón Tovar, un de Antonio Noriega, un de Celso Emilio Ferreiro e dous de Ramón Cabanillas. Despois dunha peza de Hiroshi Hara ó piano, as dúas artistas puxéronlle o ramo ó concerto con “Catro estacións do Xapón”.
- 12 O 25 de novembro do 2022 na Universidade de Kanagawa celebrouse o concerto do curso de galego 2022. Asaka impartiu a conferencia “Rexurdimento galego no século XIX” e a seguir a soprano Miho Haga, a pianista Kazumi Ogura e a violinista Hiroko Tsunoda interpretaron cancións de Rosalía, Cabanillas e Celso Emilio. As mesmas artistas participaron no concerto de Yokohama (22 de novembro do 2020), pero no de Cambados (23 de xuño do 2023) a violinista foi Kiyoko Oohashi.

Sobre a acollida destes actos musicais e poéticos en Xapón e en Cambados, Asaka aclaraba con humor: “Os públicos xaponeses non entenden a letra, pero gústalles moito a música; aos galegos simplemente lles resulta moi curioso escoitarnos falar galego, creo que por iso aplauden” (Precedo 2017).

Á parte de difundir a cultura galega no Xapón, fixo o mesmo coa vida e a cultura do seu país en Galicia. Entre 1989 e 1995 foi correspondente da Radio Galega en Toquio, onde falaba da vida cotiá xaponesa, dos seus costumes e das diferenzas entre os dous países; porén, estas diferenzas parecíanlle tan grandes que lle resultaba moi difícil achegar a vida xaponesa á audiencia galega (Bouzas 2008). Co mesmo empeño divulgador anosou textos de poetas nipóns, entre outros, de Kobayashi Issa, un dos autores de haiku máis queridos no Xapón.¹³

Ademais, no 1999 anosou unha escolma (inédita) de 25 contos populares “[d]e intensa poesía, da natureza das cousas e da xente, Xapón de kaki e haiku, de biombo e lanterna, de samurai, de abeleiras e crisantemos, de dragón e cobra, de virtudes ancestrais e heroísmos inverosímiles”, en palabras tiradas do limiar do propio Asaka para o libro que preparou para Galaxia.¹⁴

5. A AMABLE INTRANSIXENCIA DO ACTIVISTA DA LINGUA

A súa universidade non permitiu a creación dun centro de estudos galegos coma os que a Xunta de Galicia promoveu en universidades europeas e americanas, que se acabaron convertendo en auténticas embaixadas da cultura galega. Con todo, é admirable o que Asaka leva feito no Xapón por Galicia; e cando está entre nós, non hai fendas no seu compromiso co idioma.

Da responsabilidade que amosa cara á lingua fun testemuña a comezos da década de 1990. Cando era alumno dos cursos de galego para estranxeiros vin como, co seu sorriso oriental e con *finezza*, recriminaba compañeiros e compañeiras por

13 No nº 8 (1991) da revista *Ólisbos* publicou en xaponés e galego o poema “Os froitos roxos”, de Hakusyu Kitahara (1885-1942), e “Canción popular da niñeira” (texto popular); e n’*O Correo Galego* (31/VIII/1994), o poema “Penumbra primaveral”, de Kobayashi Issa (1763-1827).

14 Nunha entrevista en que comentaba a existencia de moitos contos populares en Galicia e mais en Xapón, dicía: “Eu mesmo estiven a piques de publicar en Galaxia un libro sobre contos populares nipóns, con prólogo de Carlos Casares. Pero a súa morte [no 2002] dificultou a súa aparición. Non sei onde andará o orixinal do libro” (Conde 2004).

falaren en castelán e non na lingua que viñan aprender. Pouco despois, na rúa Príncipe de Fefiñáns, paroume unha restauradora que, con cara de abraio e asemade de admiración —trinta anos despois lembro ben aquela expresión—, comentoume que fora xantar ó seu restaurante un xaponés que lle dixo que me coñecía; pediulle a carta en galego, que non a tiña, e rogoulle que lle falase en galego.

A súa amable intransixencia no uso do idioma propio de Galicia vivina tamén no 2014 en Cambados, un día da Festa do Albariño. Asaka estivera no paseo da Calzada conversando con mariscadoras de Guimatur, elas e el en galego. A seguir achegámonos á caseta da adega Martín Códax, onde lles falaba en galego ás dúas mozas que atendían, pero elas respondíanlle en castelán. Eu calaba e pensaba nos prexuízos arraigados sobre a lingua propia, e tamén pensaba nun premio recente polo uso do galego que, moi mercedamente, lle deran a esa adega cambadesa. Cando remataron a conversa, pregunteilles se crían que a persoa coa que acababan de falar era española, e se non se decataran que só empregara o galego, mentres elas lle estiveran contestando sempre en castelán. Unha baixou a cabeza; a outra miroume e dixo “si”.

No 2017 esta Academia nomeouno académico correspondente, do que se sente moi orgulloso. No ano seguinte, designárono Ilustre Cabaleiro da Enxebre Orde da Vieira, da que son confrades varios membros desta Academia, como o foron os académicos Del Riego, Filgueira, Fraguas e Xaime Isla. En Cambados, a súa dedicación á obra de Ramón Cabanillas e á cultura galega foi recoñecida no 2019, primeiro coa entrega do XVI premio que leva o nome do poeta e despois, coa Folla de Ouro do Albariño.¹⁵

Hoxe, ó nomealo académico de honra, esta institución agradece de novo a entrega á causa de Galicia deste xaponés, fillo e neto de labregos do Toquio rural; e recoñece o seu labor incansable na defensa da lingua e da cultura da súa segunda patria.

Amigo Take (ou Takiño, como queres que te chamen os amigos), beizón por levares a metade da túa vida dando a coñecer Galicia no Xapón e por usares sempre de xeito natural o galego cando estás entre nós. Hai moito tempo que simbolizas a *forza que vén de lonxe*, de ben lonxe no teu caso. Arelo que continúes a túa andaina pola obra de Cabanillas e doutros autores, e que o teu proxecto de tradución de *Samos* axiña sexa realidade. Desde hai un bo quiñón de anos contas coa gratitude e

15 A gabanza que fixen dos 30 anos que Asaka levaba de entrega á lingua e á cultura galega, e á súa difusión no Xapón, pode verse en Fernández Rei (2019).

co agarimo da xente que soña e traballa por unha Galicia liberada, coa lingua galega totalmente normalizada.

Benvido, irmán, a esta Academia, que se honra coa túa incorporación.

Saúde e Patria da Lingua!

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Alvar, Manuel (1973). *Estructuralismo, geografía lingüística y dialectología actual*. 2ª ed. ampliada. Madrid: Gredos.
- Asaka, Takekazu (2006). Entrevista a Takekazu Asaka realizada por Francisco Fernández Rei, 60'. Agosto do 2006 (inédita).
- Asaka, Takekazu (2011). *Galiciao shirutameno gojuushou* [Os 50 capítulos para coñecer Galicia]. Toquio: Akashi Shoten.
- Asaka, Takekazu (2015). Garisia no San Martin Suarna murano guengo seikatsu [As falas dunha aldea de San Martín de Suarna en Galicia]. *Kokusaikankei Kenkyujoho. IICS Bulletin (Institute of International and Cultural Studies)*. 50, 32-40.
- Asaka, Takekazu (2018). A vitalidade da gheada en Cambados. En: Carmen Alén Garabato e Mercedes Brea, eds. *Limba noastră-i o comoară... Estudos de sociolingüística románica en homenaxe a Francisco Fernández Rei*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 187-194.
- Asaka, Takekazu (2019). Shookei no Sijin, Ramon Cabanillas Sampomichi. O paseño arelado do poeta Ramón Cabanillas. *Kokusaikankei Kenkyujoho. IICS Bulletin (Institute of International and Cultural Studies)*. 54, 16-26.
- Asaka, Takekazu (2020). Arousatouni okeru guengo tokusei ni kansuru chousa houkoku. Informe sobre as peculiaridades lingüísticas da fala da Illa de Arousa. *Supein Gogaku Kenkyu. Estudios Lingüísticos Hispánicos*. 35, 1-20.
- Asaka, Takekazu (2022). Cantiga 93 (To) [103 (E), 103 (T)] e os paxariños de Armenteira. En: Takekazu Asaka, ed. *Convite para as cantigas de Santa María*. Toquio: Güingo Xabou, 79-97.
- Asaka, Takekazu (2023). Arredor da cuberta de *Vento mareiro* de Ramón Cabanillas. *O Umia*. 8, 24-27.

- Bandō, Shōji e Asaka, Takekazu, coords. (2005). *As linguas da Península Ibérica. Dende o punto de vista sociolingüístico*. Toquio: Doogakusha. Prólogo de Antón Santamarina.
- Bouzas, Paula (2008). Takekazu Asaka, excorrespondente da Radio Galega en Toquio. “Volvo cada verán para recordar o galego que me esquece durante o ano en Xapón”. *Galicia Hoxe*. 4/VIII/2008, 38.
- Conde, Perfecto (2004). Takekazu Asaka, profesor xaponés. “O galego é inmortal”. *A Nosa Terra*. 1142 (16-22/IX/2004), 40. Dispoñible en <https://anosaterra.com/no-1-142-16-ao-22-de-setembro-de-2004/>
- Díez, Miguel; Morales, Francisco; e Sabin, Ángel (1977). *Las lenguas de España*. Breviarios de Educación, 1. Madrid: Ministerio de Educación y Ciencia.
- Fernández Rei, Francisco (2015). Cabanillas, Cambados e o vento mareiro. *Boletín da Real Academia Galega*. 376, 563-576. <https://doi.org/10.32766/brag.376.491>
- Fernández Rei, Francisco (2019). O brigadista Takekazu Asaka. Trinta anos de entrega á Patria da Lingua Galega e á súa difusión no Xapón. *A Trabe de Ouro*. 112, 83-95.
- Galaxia (2012). Falar dende Xapón sobre Galicia. *Editorial Galaxia* [web]. 27/III/2012. Dispoñible en <https://editorialgalaxia.gal/falar-dende-xapon-sobre-galicia/>
- García Abril, Antón (1994). *Canciones xacobeas para voz y piano. Cancións xacobeas (Homenaje a la poesía gallega)*. Las Rozas (Madrid): Bolamar Ediciones Musicales.
- Gondar, Francisco G. (1978). *O infinitivo conxugado en galego. Verba*. Anexo 13. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Hermida, Xosé (1993). “Speaking galego”. Alumnos japoneses, rumanos o estadounidenses aprenden cada verano la lengua de Galicia. *El País. Ciudades*. 30/VIII/1993, 2.
- Iglesias, Óscar (2011). Takekazu Asaka “Los gallegos tienen que defender las ventajas de usar su idioma”. *El País. Galicia*. 1/VIII/2011, 5. Dispoñible en https://elpais.com/diario/2011/08/01/galicia/1312193897_850215.html
- Izui, Hisanosuke (1968). *Europa no Guengo* [*As linguas de Europa*]. Toquio: Iwanami Shoten.
- Martínez, Anxo (2011). Takekazu Asaka. Traductor al japonés de la poesía de Cabanillas. *Faro de Vigo. Arousa*. 28/VII/2011, 7.

- Martínez, Anxo (2019). Takekazu Asaka. Profesor, traduciu ao xaponés obras de Ramón Cabanillas. “Rosalia e Novoneyra poderían chegar a ser moi apreciados no Xapón”. *Faro de Vigo. Arousa*. 27/VII/2019, 8. Dispoñible en <https://www.farodevigo.es/arousa/2019/07/27/takekazu-asaka-rosalia-novoneyra-poderian-15622875.html>
- Mirás Fole, Nacho (2006). Takekazu Asaka. Lingüista xaponés galegofalante “Cando estou en Xapón teño morriña”. *La Voz de Galicia*. 28/VIII/2006, 64. Dispoñible en https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/galicia/2006/08/27/cando-estou-xapon-teno-morrina/0003_5057286.htm
- Precedo, Ángela (2017). “Namoreime de Galicia hai moito tempo”. El polifacético profesor [Takekazu Asaka] ha traducido al japonés los poemas de Ramón Cabanillas y Rosalía Castro. *La Voz de Galicia. Arousa*. 29/VII/2017, 8. Dispoñible en https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/arousa/cambados/2017/07/29/span-langglnamoreime-galicia-hai-moito-tempospan/0003_201707A29C8993.htm
- Rábade Paredes, Xesús (2011). Entrevista a Takekazu Asaka. *Revista de Estudos Rosalianos*. 4, 311-313.
- Tilve Jar, M.^a Ángeles (2021). El legado Castela en el Museo de Pontevedra. En: Inmaculada Real López, ed. *Las colecciones y los museos del exilio*. Madrid: Ministerio de la Presidencia, Relaciones con las Cortes y Memoria democrática, 65-107. Dispoñible en https://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_adg_Teresa_Castelao_003.pdf
- Veiga, Marta (2011). Take Asaka. Embaixador do galego en Xapón. *El Progreso*. 10/VIII/2011, 36.
- Vilar, Manuel (1993). O profesor Take Kazu [sic] fixo unha gramática galega en xaponés. *El Ideal Gallego*. [xullo ou agosto do 1993].
- Yanes Casimiro, Ainoha (2021). *Introducción a la música folclórica min'yō y su desarrollo en Okinawa*. Tráballo de fin de grao. Universidad de Sevilla. Dispoñible en <https://idus.us.es/bitstream/handle/11441/131987/YANES%20CASIMIRO%2C%20AINOHA.pdf?sequence=1&isAllowed=y>

ÍNDICE

Do poñente ó nacente.


Unha ollada desde Xapón á lingua e á cultura galegas

DISCURSO DO EXCELENTÍSIMO SEÑOR DON TAKEKAZU ASAKA 9

Takekazu Asaka: do achado dunha lingua
á divulgación da súa poesía musicada

RESPOSTA DO EXCELENTÍSIMO SEÑOR DON FRANCISCO FERNÁNDEZ REI 41

Real Academia Galega
Rúa Tabernas, 11
15001 A Coruña
www.academia.gal



REAL ACADEMIA GALEGA

